presupuesto para el año 2010 esa cantidad de 189.000 euros se ha dividido en dos partidas, una de 140.000 para el Alcalde y otra de 49.000, exactamente, ni un euro menos, para la Sra. Casal, nos dividimos, eso es lo que aumenta en este ayuntamiento, el gasto, el gasto para cubrir sus estructuras, la estructura de los dos grupos que están gobernando, eso es lo que define este orzamento, que no tiene guión, por mucho que la Sra. Casal lo vea tan claro, sinceramente no lo veo todavía, y si se da cuenta usted, con el mayor de los respetos, Sra. Castejón, me voy a dirigir al Sr. González, porque poco sabemos o quieren hacer ustedes hacer creer a la gente que sabemos pero cada día me encuentro más cerca, en edad, en saber y en gobierno, de ustedes, cada día mucho más cerca, entonces, si no le importa y con el mayor de los respetos, me voy a dirigir a él en todo caso para hablar del presupuesto del ayuntamiento de Pontevedra porque entiendo que es la persona que más técnica presupuestaria puede conocer en este momento, mire, el presupuesto nos endeuda y nos hipoteca en el gasto del ayuntamiento, es un problema grave, no voy a entrar ya en el gasto corriente porque ya sabe usted lo que supone para este ayuntamiento y lo que supone en este presupuesto, el 85% del mismo se destina a gasto corriente, voy a entrar en dos partidas en concreto para que usted me pueda definir cuál es realmente su posición al respecto, en primer lugar el gasto de personal del ayuntamiento de Pontevedra, supone el 33% del presupuesto global, en los últimos 4 años han aumentado el gasto de personal en 6 millones de euros, a este ritmo, Sr. González, creo que dentro de 12 años el 70% de los ingresos reales del ayuntamiento, no de lo que viene de fuera ni de lo que nos transfieren, va a ser todo para gasto de personal, nos quedará un 30% para invertir en gasto corriente, léase limpieza, saneamiento, luz, gasóleo, vamos a tener problemas para pagarlo, y si no al tiempo, y, en segundo lugar, las inversiones las podemos ir olvidando, este presupuesto, frente a lo que dice la Sra. Castejón, que es un presupuesto claro y que define claramente cual es su estrategia, creo que no hay estrategia, carecemos de estrategia, la estrategia es preocupante, estamos en un momento peligroso y no se hacia donde caminamos, puede que a usted ya no les importe donde estemos porque, a lo mejor, en 12 años ustedes ya no están aquí; ¿qué piensan hacer con el tema de SOGAMA?, ¿no piensan consignar nada en el presupuesto del 2010?, volvemos a lo de siempre, qué más les da si, a lo mejor, dentro de 2 años ya no están aquí, nos dejarán el muerto a los siguientes, a ver cómo lo arreglan, será un problema, Sr. González, ¿dónde están los 4 millones de euros que en un Pleno de julio de este año decidieron destinar a la futura ampliación de Montecelo? porque, curiosamente, me dijo el Alcalde, hace un par de días en el Comité Económico y Social, me discutía que siempre hubo una partida para expropiaciones en los presupuestos del Ayuntamiento de Pontevedra, finalmente cuando le dije que nunca la hubo durante los 4 años que duró el bipartito de la Xunta de Galicia, que iba a hacer esa mejora y ampliación en Montecelo, que nunca hizo, Sr. González, que nunca hizo en 4 años, resulta que nunca apareció esa partida para expropiaciones, la íbamos a meter ahora, me dijo el Alcalde que

CONCELLO DE PONTEVEDRA

estaba previsto meterla en el año 2010, hace 2 días me lo comentó, no está esa partida tampoco, Sr. Alcalde, claro, era porque hubieran llegado tarde si hubiera sido para la mejora de Montecelo que tenía el bipartito prevista, pero que no confiaban ustedes mucho, tampoco, en que esa mejora llegara nunca a Pontevedra, ahí se demuestra en quién creían ustedes también y a quién tenían por encima, Sr. González, ¿dónde están los 60 millones que hay en caja? hoy dijo 50, ya llevan gastado 10 desde la última vez que dijo que la economía del concello estaba muy saneada, eran 60, hoy ya hemos bajado a 50, porque estamos gastando, usted sabe que no están, usted sabe que están comprometidos, usted sabe que sigue sin pagar a mucha gente y si no pregunte a algunos cercanos que todos conocemos, mire, si usted tuviera tanto dinero como dice y esos 50 estuvieran ahí revoloteando no pediría un préstamo, aquel al que le sobra el dinero jamás pide un préstamo porque va a tener que pagar intereses, y usted lo sabe, mire, si ese dinero lo tenemos en caja y estamos tan bien por qué no aparecen los 3 millones para el saneamiento al que ustedes acaban de hacer referencia, la Xunta de Galicia, el conselleiro Agustín Hernández, el superconselleiro, como acaba de decir la Sra. Castejón, ha venido a Pontevedra a decirnos que va a invertir 10 millones de euros en el saneamiento del rural, por fin, porque Pachi Vázquez vino hasta 5 veces y prometió 27, no los vimos, por suerte, en Pontevedra, el PP de la Xunta de Galicia va a invertir y, por suerte, está Telmo Martín que va a conseguir todo eso para Pontevedra, por suerte, dicho esto, los 3 millones para saneamiento que el Sr. González debe de tener en caja no figuran tampoco en el presupuesto, cuando venga el Sr. Conselleiro para poner aquí los 7 de los 10 de dónde va a sacar usted los 3 que tiene que poner el Concello de Pontevedra y los 4 del hospital, van a retrasar todo, ¿dónde está su ilusión por la ciudad de Pontevedra, Sr. González, y la de su grupo de gobierno?, la crisis, la crisis, demagogia, el gasto social, pero ¿de qué estamos hablando, Sr. González?, seamos serios, no hace mucho, vamos a hablar ahora del Sr. Mosquera, en el Pleno anterior, no le queda muy lejos, hablamos del Plan de Barrios, que ustedes iban a invertir, 2 años, Sr. Mosquera, y me he leído el acta del Pleno anterior, la tengo aquí, dijeron que su Plan de Barrios era mucho mejor que el del Partido Popular, mucho mejor, que nosotros solo pedíamos 64 en 4 años y ustedes querían 226 y en 2 años, Sr. Mosquera, mire, en su alocución del otro día, que a lo mejor fue desafortunada, dijo que había 87 obras, que 35 estaban por comenzar, el resto ya estaban comenzadas, que de las que estaban por comenzar, una, la más importante, era la PO-102 Avenida de Marín que, efectivamente, aparece en el presupuesto con 1.235.000 euros, esa sí aparece, esa, según usted, Sr. Mosquera, importa el 60% del 100% de las obras que estaban por comenzar, dicho esto nos queda un 40% que según mis números son 800.000 euros más para las 35 obras restantes, que ustedes iban a hacer en los barrios, no aparecen tampoco esos 800.000 en el presupuesto y aunque aparecieran, porque ahora el Sr. González me dirá que están por algún lado, que no están, debo decirle que ¿los 224 millones de euros restantes los va a invertir el año

que viene el ayuntamiento de Pontevedra con estos presupuestos de 63 millones de euros? pero a quién le toman el pelo ustedes, no se dan cuenta de la demagogia, día tras día, a la que están sometiendo esta ciudad y a la gente que, aparentemente, les sigue creyendo, ¡Plan de Barrios!, ¡descomunal!, ¡mucho más que el PPI!, ¡224.000 en 2 años!, pero si no hay de donde sacarlos, 833.000 euros para inversiones es lo que tienen, porque ahora estamos en crisis y curiosamente, a pesar de la crisis, que se les llena la boca hablando de crisis, no han bajado, con esa caja que tenemos, los impuestos en la ciudad de Pontevedra, para este año, ni las tasas, Sr. González, este es el momento en que ciudadanos y empresas de esta ciudad necesitan de la ayuda del Ayuntamiento de Pontevedra y no hay ningún movimiento, se confirma lo que decimos, no hay inversiones, no hay movimiento, no hay bajada de impuestos, ¿cuál es su ayuda económicamente a la ciudad de Pontevedra?, demagogia, pura demagogia y no se hasta cuando, gestión, podemos hablar de las obras, se dedican a hacer obras, a abrir calles, cerrar calles, poner papeleras, cambiarlas de sitio, en la calle Michelena han pasado del centro de la calle a los laterales, hemos cambiado de modelo, de color, de bolardos a farolillos con luz que hemos destinado a los asientos de los chavales del botellón, eso es lo que hacen, esa es su política, esa es su gestión, parece que siempre están haciendo cosas pero no hacen nada, lo que hacen es todo lo que tienen retrasado de años anteriores, no hay nada, están aburridos de su propia gestión, mientras nos engañan y nos cuentan cosas que no se cómo se pueden seguir creyendo, sinceramente, creo que les va a salvar ese plan “S” que va a venir de arriba, del gobierno de España, aunque a la señora Castejón no le gusta que yo hable de arriba, los que nos dan dinero vienen de arriba, entiendo yo, aunque a veces colaboremos, eso les va a salvar, ojalá, bienvenido sea, a ver si son capaces de acabar algunas obras que tienen empezadas desde hace años, el parking de la Plaza de España, Santa María sigue abierto, el museo de Valentín García Escudero, la guardería de A Parda desde el año 2003, 6 años señora Castejón con suelo y dinero, 6 años para que acaben una guardería, está es su gestión, por sus hechos les conoceréis, hace un par de días en una tertulia televisiva en esta ciudad me decía la Sra. Castejón: “pero señora Castejón los números se pueden pintar” y yo le contesté: “los números es lo único que no se pinta, Sra. Castejón”, 2 más 2 siempre son 4, podemos hacer demagogia y pintar todo de colores pero demagogia con los números no, ¿dónde están sus obras?, ¿dónde está el parking acabado?, estos días oíamos que decía la Sra. Casal que las de la alameda nos va a costar acabarlas también, esa es su gestión, estos son los hechos y lo demás son tonterías, todo demagogia, mire, el presupuesto que traen aquí hoy para que aprobemos, el que viene al Pleno tiene 63 millones de euros no tiene 100, los atípicos de los que habla el Sr. González son tan atípicos como los que había el año pasado y sin embargo no se les ocurrió incluirlos en el presupuesto, en el de 2008, el Alcalde hablaba también de que vendría el gobierno amigo, el del bipartito, a hacer 9 guarderías en Pontevedra y hablaba de la rotonda de O Marco, la

CONCELLO DE PONTEVEDRA

circunvalación, el nudo de O Pino, iba a venir el gobierno amigo, el de la Xunta, pero no se les ocurrió nunca incluirlo en el presupuesto, curiosamente ahora nos venden que este gobierno de la Xunta ha frenado todo, vamos a ver, por si acaso los atípicos que van a llegar e inflamamos el presupuesto, pero de qué están hablando, pero como pueden hablar de TAFISA, ¿curiosamente va a venir este año 1.300.000 euros de TAFISA?, tiene suerte porque la Diputación de Pontevedra si ha cumplido con todo lo que yo he leído en esa memoria del Alcalde del 2008, si va a venir la Diputación de Pontevedra, gobernada por el PP, sí va a venir la Xunta de Galicia gobernada por el PP para salvarles, sí va a venir, claro que va a venir, intenten ser más rigurosos y un poquito de decencia política, Sr. González, dice que no ha subido los impuestos, que ha reducido la presión fiscal, ¿pero dónde la ha reducido?, no la ha subido tanto como habría querido subirla pero no la ha reducido en ningún caso y si hemos recaudado lo mismo será porque aumentó el censo de personas en Pontevedra no porque ustedes recauden bien, que está demostrado por el Consello de Contas, órgano independiente, que somos de los peores recaudando, no cuente más historias, y obras nuevas ni una, la PO-102, ya ve, Salgueiriños, ya estaba, la rotonda esa de Loureiro Crespo y se acabó, no hay más, esa es su gestión, este es un ayuntamiento, tenemos que crecer, que invertir, tenemos que llegar a algún sitio, tener una filosofía, que hay que seguir haciendo cosas, que no nos podemos parar, que no queremos una ciudad para que se jubile aquí todo el mundo, queremos una ciudad que crezca, que mis hijos puedan trabajar en Pontevedra, que los comercios no tengan que cerrar, que las industrias vengan aquí queriendo instalarse, que tengan facilidades, eso es lo que quiere esta ciudad y esta es la realidad de este grupo municipal, muchas gracias.”

Novamente toma a palabra a **Sra. Castejón García**, diciendo: “Muchas gracias, Sr. Alcalde, aunque haya empezando la intervención diciendo que se dirigía al Sr. González supongo que podré hablar, me resulta muy difícil contestar a una intervención de este tipo porque dice que no tenemos guión, nosotros en este orzamento, pero desde luego en su intervención no había un guión, era muy difícil seguir esa intervención, tardaba mucho en utilizar la palabra demagogia pero después ya empezó a coger carrerilla con esa palabra y hay cosas que yo quisiera decir con delicadeza y con delicadeza quiero decir que aunque insistentemente, en este Pleno, diga que hay cosas que no entiende, que este presupuesto no se entiende y que no tiene guión, perdone pero los ciudadanos sí lo entienden, sí lo entienden, cuando hablamos, normalmente, los ciudadanos entienden lo que decimos, no entiendo por qué desde esa mesa no se entiende lo que decimos normalmente y las personas entienden, dicho con todo el respeto, nos hablan de que carecemos de estrategia y de una serie de cosas y es que es muy difícil contestar a una intervención de este tipo, poco podemos decir, porque además si empiezan su intervención hablándonos de un monográfico sobre enmiendas, perdone pero no lo entiendo, si las enmiendas fueron presentadas a los

orxamentos, se presenta un documento con los orxamentos, está previsto en la norma que hay unos prazos y que el grupo que no está gobernando, el grupo de la oposición, puede presentar unas alegaciones, entonces, esas alegaciones se supone que son lo más interesante e importante que un grupo quiere decir respecto a los presupuestos para que se modifiquen en esa línea, entiendo que donde tenemos que contestar es aquí y donde los tenemos que tratar es aquí, usted quiere que hagamos un monográfico sobre las enmiendas, yo, por mi parte, estoy encantada de debatir eso pero ciertamente, de verdade, el contenido no da para mucho porque uno se desorienta en todo, si se pone a sumar como si se pone a mirar contenidos y un monográfico de esto va a estar muy falto de contenido, de verdade, estamos en el debate de los presupuestos, contestarle aquí a cosas que son la coletilla de un debate que se mantuvo en una televisión en la que, evidentemente, hablé de un modo muy torpe porque no conseguí hacerme entender en las cosas que quería decir, mire, voten los presupuestos si quieren y si no no los voten, no intenten enredar lo que está claro y transparente, no lo intenten, de verdade, gracias.”

De seguido, volve a intervir o **Sr. González Carballo**, manifestando: “Moitas gracias, eu ía felicitala porque empezou nun ton distendido, porque as veces parece que toma guindilla ou chile ou pementos de Cuacos de Yuste pola mañán para almorzar, pero hoxe empezou moi ben, de verdade, o que pasa é que ao final tamén se me alterou un pouco e non sei si felicitala ou non, teño dúbida, de todas maneiras, tamén me encantou a defensa a ultranza que fixo das súas propias emendas, a teño que felicitar por esa defensa e dixo unha cousa coherentísima que é que 2 máis 2 son 4, só lle pido que o apliquen nas súas propias emendas, aplíqueno e xa empezamos a coincidir nesas dúas cousas; eu hoxe lin nos medios de comunicación que a baixada da recadación e o aumento da débeda ameazan a solvencia da Deputación na que a débeda pasa do 96 ao 108%, Moody’s ameaza a Xunta de Galicia con baixarlle a cualificación de estable a negativa se non corrixe os desequilibrios orxamentarios, iso ven hoxe nos medios de comunicación, non é algo que invente eu, nos nosos informes non ven iso nin moito menos, senón que temos moitísima máis marxe, eu creo que vostedes tomaron unha decisión, e o anunciou o Sr. Martín non sei que día que dicía que baixo ningún concepto estes orxamentos ían ter o seu voto favorable, e o dixo antes, incluso, de presentar as emendas nin de saber si llas aceptabamos ou non, aparece nos medios de comunicación e senón van a hemeroteca, claro, tomaron esa decisión e o único que soltan e tinta de calamar, tinta de lura, pero sen ningunha substancia, mire, efectivamente, sobe o gasto de persoal pero, claro, o único que lle pregunto é a receta máxica, despedimos a un grupo de traballadores, como xa se fixo en Sanxenxo con aquela empresa de vivenda, é dicir, eliminamos algúns servizos, pagamos menos, tamén é outra posibilidade, solicitamos un ERE porque teríamos o apoio inestimable da Consellería de Traballo entón igual nos aceptan a petición dun ERE, en todo caso, mire, os técnicos

CONCELLO DE PONTEVEDRA

municipais deste concello cobran moitísimo menos que os de outras institucións similares, iso é a cruda realidade, en todo caso non vamos facer como fan onde gobernan vostedes que moito falan de xerar emprego e o primeiro que fan e pasarlle a tesoirá, pero a de xardín non a da roupa, para recortar o gasto en materia de formación e de emprego, iso é a realidade e é o que fan vostedes; lean un pouco máis, a presión fiscal e unha ratio, xa non lle pido aquilo de que iso se pode facer con curvas e onde ten o punto de inflexión a derivada vese a presión fiscal de cada momento, xa non llo vou explicar así porque eu son unha persoa de letras e, polo tanto, non me corresponde a min facer estas cousas, nin aqueles símbolos que son de integrais e hai xente que os confunde cun pentagrama, o meu amigo Mosquera diría que a música ten moito que ver coas matemáticas pero xa non entro nesa cuestión, o que é evidente é que a presión fiscal é unha ratio, que compara, e iso é o que hai que mirar, é dicir, o feitos de que un pague, por exemplo, 10 céntimo máis pode estar diminuindo a presión fiscal porque é unha ratio en función do número de ingresos, solicítolle que o vexa e a próxima vez non teñamos que ter esta discusión, e é real porque se non non baixariamos postos na presión fiscal como di o informe do Concello de Madrid que fai ese informe anual dos tributos ou como fai o Ministerio de Facenda, etc., en definitiva, vostedes veñen coa decisión tomada e presentan tal chapuza de emendas, sinceramente, nin un só argumento, a súa falta de ideas e absoluta, é evidente que non queren votar a favor e, con todo, son conscientes, e se lles explicou en comisión, que moitas das emendas que vostedes presentan van estar dotadas de maior contía ao longo do exercicio e iso é o que lles doe, defendan o que propoñen, propoñan algo, mire, o Concello de Pontevedra, de igual maneira que fai coas súas emendas esixe o cumprimento dos contratos firmados ata as últimas consecuencias e nós defenderemos os intereses do concello ata as últimas consecuencias porque nalgún dos temas gañamos en primeira instancia e por tanto temos posibilidades, ao que non estamos dispostos é a dilapidar, como fan vostedes, o diñeiros público e, en todo caso, non se preocupe que para ver o diñeiro que hai en caixa o pide vostede e se lle da unha comunicación do que hai en termos reais, pásallo a tesourería municipal sen ningún problema, non mintan, eu lamento que non está Jacobo, a ver si vai a chamar a Congregación da Fe porque con iso de confundir a luz divina coa luz eléctrica pois igual lle chama a atención, alégrome de que non estea, polo seu ben, moitas gracias.”

A continuación intervén a **Sra. Murillo Solís** para engadir: “Sr. González, nadie le ha pedido que eche a nadie, ni que no hagan horas que no paguen, ni nada por el estilo, solo que ustedes consigan hacer una gestión de personal adecuada a las necesidades de esta ciudad y que saquen el mejor partido de los funcionarios que tienen en el ayuntamiento, probablemente si no estuvieran distribuidos por toda la ciudad ahorrarían y destinaría a aquellas personas más capacitadas para ciertas cosas a determinados hechos que nos reportarían mucho beneficios a los ciudadanos de Pontevedra, esto con relación a la política de personal, en segundo

lugar, con relación a la presión fiscal, claro, a usted le gusta hablar de ahorros netos, de capacidad de endeudamiento y de que esto es un ratio, así no le entiende nadie, que es lo que le interesa, que nadie le entienda, pero como yo hablo para el común de los ciudadanos y para los que no somos tan duchos en la materia, porque usted a pesar de que diga que es de letras también es de ciencias y le interesa hablar de aquello a lo que los demás no llegan, pero no se preocupen que para eso estamos nosotros para traducir la realidad de lo que hay detrás de los orzamentos del Ayuntamiento de Pontevedra; vuelve otra vez, un Pleno más, a no contestar a ninguna de las preguntas que le hago, repito, no aparecen los 224 millones de euros para los barrios de Mosquera y creo que no van a aparecer nunca, no aparece nada para el hospital, nada para el saneamiento y, le repito, el remanente ese del que usted habla de los 15 millones, que muchos son de obligatoria incorporación porque es para pagar las obras que ya están en trámite o a punto de iniciarse, sabe que no va a dar para pagar todo esto, entonces a ver como lo hacemos y como lo pintan, obras son amores y no buenas razones, Sr. González, y sus obras no están, gracias.”

Novamente toma a palabra o **Sr. González Carballo** para concluir: “Para rematar, se me permite medio minuto, Sr. Alcalde, solo unha cuestión, eu creo que o Partido Popular fixo unha mala composición de lugar, pensaba que no ía haber orzamentos e non estaba preparado, estes son uns bos orzamentos e, en todo caso, non sei como explicar que a xente proteste porque hai moita obra e despois resulta que non hai ningunha, pero iso sería reabrir o debate e non é esa a cuestión, creo que se fixeron unha mala composición de lugar e os collemos desprevidos e ese é o problema fundamental, moitas gracias,”

Rematado o debate o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación o proxecto de orzamento xeral para o ano 2010 así como o Cadro de Persoal e o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 7 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 6 do grupo municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello para o ano 2010, integrado polo orzamento do concello, do organismo autónomo local Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra, do organismo autónomo local do Pazo de Congressos e Exposicións e da sociedade mercantil “Turismo de Pontevedra, S.A.”, cuxo importe consolidado é de 63.986.100 €, así como o Cadro de Persoal para o ano 2010.

3.- PROPOSTA DE ACORDO PRESENTADA POLA ALCALDÍA EN RELACIÓN AO ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DE 03.12.2009

CONCELLO DE PONTEVEDRA

SOBRE DECLARACIÓN DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DE PROXECTO SECTORIAL PARA NOVO HOSPITAL DE PONTEVEDRA.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable (por maioría) da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas e Obras, de data 15.12.2009, emitido sobre a proposta da Alcaldía relativa ao pronunciamento do Concello de Pontevedra sobre o acordo do Consello da Xunta de Galicia referente a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para o novo hospital de Pontevedra.

Aberto o debate, fai uso da palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), manifestando: “Gracias, Sr. Alcalde, bos días a todos e a todas, este é un tema suficientemente debatido que creo que non debería levar tanto tempo como o anterior, agardemos que así sexa, con respecto ao do hospital cremos que hai que aclarar algo e poñer as cousas no seu sitio porque por moito barullo que se monte o real é o que hai e hai que insistir, o obvio, as veces, é moi difícil de explicar, aquí hai un proxecto aprobado, firme, executivo e en vigor, que é o proxecto sectorial, hai un convenio e unha adenda aprobados, firmes, executivos e en vigor, e hai un acordo do Consello da Xunta sobre a súa financiación firme, executivo e en vigor, e hai un acordo do Consello da Xunta declarando a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados que é firme, executivo e en vigor, polo tanto, en contra da opinión que se quere transmitir, aquí hai unha agresión clarísima por parte da Xunta de Galicia, por parte da Consellería de Sanidade, a algo que está acordado, pactado, firme e executivo, e non hai simetría, hai un acordo firme e alguén que non o cumpre, que o varía unilateralmente e crea un problema onde non o había, para poñer un exemplo privado, a ver si se entende mellor, é como se alguén chega ao notario, firma a escritura de venta, despois de negociar meses ou anos, e unha vez feita e firme di: “non, non, eu vólcome atrás e o que firmei e acordei non vale” pero é que resulta que vale, obviamente a nai do año está en que hai un compromiso sólido, con actos e demais, para, mediante financiamento exclusivamente público, construír no prazo previsto dito centro, o de Montecelo, aí é onde está o problema e non hai ningunha medalla sobre ubicacións ou cousas polo estilo o que hai é que facer o anterior de Montecelo que esixía polas propias condicións da ubicación que fose público, porque non se pode facer parte privada e parte pública, co cal temos que escoitar cuestións tan simpáticas como que en principio ía ser un hospital de 200 camas, agora vai ser de 700, despois vai ser de 1000, da igual, cada día dicimos unha cousa o que quere dicir que a decisión non estaba tomada sobre a asistencia hospitalaria, estaba tomada única e exclusivamente sobre a financiación, a nós o que nos sorprende é que o grupo municipal do PP pode ter un posicionamento ou outro pero se se está nunha institución, como en este caso é o concello, hai que defender o que esa institución ten acordado, firme e executivo, hai que defendelo, outra

cousa será a opinión que se poida ter e outra cousa son os actos firmes, se hai un convenio firmado que vostedes, por certo, votaron a favor, e unha adenda que votaron a favor o normal é ser un pouco serios e defendela, e se non se seguen única e exclusivamente as consignas partidarias e se esquece un de defender a institución na que está, evidentemente é moito pedirlle ao Partido Popular, despois do que pasou cos superdelegados, cos investimentos e todas as cousas que están en marcha en Pontevedra, que teñan un mínimo de coherencia e de defensa deste concello, entón, dunha maneira moi suave o que imos a acordar aquí é que tomar decisións rompendo acordos previos é dunha maneira non respectuosa coa autonomía municipal, dende logo, non pode merecer máis que o noso rexeitamento, e respecto ao punto terceiro, que me imaxino que é por onde van, que di: “manifestar expresamente a decisión do Pleno do concello de non colaborar no financiamento do novo centro hospitalario a construír na parroquia de Marcón”, miren, teñan unha garantía, se a Xunta cumpre os seus compromisos este concello non ten ningún problema en aportar os 4 millóns pero a Xunta non está cumprindo os seus compromisos, o que xa sería absolutamente delirante é que, nunha época na que todo o investimento público é necesario e todo esforza é necesario, puidera poñer o concello 4 millóns para algo que non está, porque a Xunta non cumpriu, non fixo as expropiacións, non ten adxudicada a obra en Montecelo, co cal, que temos 4 ou 5 anos os cartos aí parados, non tiña ningún sentido, non se preocupe a Xunta que se cumpre a súa parte e retoma o proxecto de Montecelo, se fai as expropiacións que están aprobadas, executa e adxudica a obra o concello vai a poñer os 4 millóns que ten comprometidos sen ningún problema, reflexionen, a cuestión e moi clara e hai uns compromisos firmes por parte da consellería que non esta cumprindo, nestes momentos deberían estar facendo obras en Montecelo e se así fora o concello poría os 4 millóns, obviamente, e cando cheguemos a ese momento, se a consellería fai obras e licita o proxecto de Montecelo, nós non teremos ningún problema, non se preocupe que o concello 3 meses despois de iniciarse as obras en Montecelo mandará os cartos, que é o que está firmado, cumprirá exquisitamente como está cumprindo con Fomento no convenio que fixo ou coa Xunta en todos os convenios que fixo, non hai ningún problema, o concello ten capacidade tanto de remanentes, ingresos atípicos como de crédito para iso e bastante máis; reflexionen, me parece que están facendo un papelón bastante triste pero será o seu problema, teñen a oportunidade de cambiar a súa maneira de actuar e ser serios cos compromisos adoptados e defender a esta institución como se supón que a ten que defender calquera grupo municipal, moitas gracias.

A continuación, en representación do grupo municipal do PSdG-PSOE, intervéñen **dona María Teresa Casal García**, dicindo: “Moitas gracias, Sr. Alcalde, bos días, felices festas a todas e a todos e imos a seguir co pleno que é maratoniano hoxe, eu vou ser breve, vou a dicir, simplemente, que se presentamos esta proposta de acordo é porque hai unha cousa que algúns cren que é patente de curso, é dicir,

CONCELLO DE PONTEVEDRA

algúns cren que porque gañan unhas eleccións xa poden facer o que lles da a gana, saltar por enriba de todo, olvidar calquera tipo de acordo e ata esquecer o que que-
ren os cidadáns dun concello como Pontevedra, porque vostedes, señores e señoras do Partido Popular, faltan, con estes acordos que se tomaron o outro día na Xunta e con todo o que están a falar na prensa, que é repetitivo, todas esas reunións que fan e deixan de facer, que anuncian xa antes que as van facer, como o Sr. Corés Touris, cada un que faga o que queira, pero a min o que me parece moi triste e decepcionante, para min como cidadá de Pontevedra e para todos os habitantes, so residentes desta cidade, é que vostedes faltan, en primeiro lugar a lealdade institucional, que me parece moi grave, porque en política se poden facer moitas cousas pero hai algo que é a lealdade institucional, que nos debemos unhas institucións a outras, que non debemos esquecer que as persoas que estamos nun determinado momento nunha institución somos herdeiros dos que estiveron antes e non se pode tirar por terra o que se fixo antes e, neste caso ademais, tendo en conta que cando o goberno bipartito que tanto denostan vostedes, tomou o acordo de facer a ampliación de Montecelo non facía máis que seguir a liña que tiña marcada o Partido Popular, co señor González, que agora é o Xerente do CHOP, era conselleiro e plantexaba aquela 4ª fase e o que fixo o bipartito foi, simplemente ampliar e responder, sobre todo, ao que pedían os pontevedreses, un hospital único, non dous separados por uns quilómetros, polo tanto faltan totalmente á lealdade institucional, faltan a austeridade, vostedes que levan dende antes das eleccións e despois falando de austeridade, non hai audis, hai citróens, non hai sillas, non sei se apareceron ou non aquelas sillas, levan 6 ou 8 meses falando de austeridade, pois vostedes fallan dun modo estrepitoso á austeridade tirando pola borda nada menos que máis de 50 millóns de euros que se levan investido en Montecelo, por vostedes tamén, pois o tiran pola borda, non importa, somos ricos, isto que ten que ver coa austeridade que tanto dicían, antes dicía a Sra. Murillo “polas súas obras os coñeceredes”, me encanta que o diga porque eu digo moito iso referido a vostedes e aquí eu creo que habería que recorrer tamén a outro dito antigo que di: “fai o que eu diga e non o que eu faga”, aquilo que se lle achacaba sempre aos curas, a austeridade non existe para vostedes no tema do hospital, sigamos para adiante, faltan ao compromiso cos cidadáns de Pontevedra, os cidadáns levan reclamando un hospital único dende hai moito tempo, dende a historia aquela do Hospital Provincial, e o reclaman os cidadáns, o persoal sanitario e calquera persoa que teña sentido común e que saiba de que vai este asunto, pois non, non queres caldo sete tazas, sin-to repetir aquí o que dicía César pero é que é evidente, aquí se falou dun hospital de 200 ou 300 camas, mantendo, e isto está na prensa e teño aquí os recortes, vostedes son moi amigos de sacar recortes e eu tamén os teño, dicindo que se mantiña o Hospital Provincial, se mantiña Montecelo e despois xa veríamos, de aí se pasou a un hospital modular que, en principio, seguían dicindo que tería 300 camas, agora xa se fala dun hospital de 700 camas, seguindo sen dicir, en absoluto, que pasa co provincial e con Montecelo, é todo fume, é todo un capricho, é todo unha auténtica

manobra de querer dicir que as propostas do líder de Pontevedra son marabillosas, porque non o levaban no programa electoral, Sr. Martín, por moito que vostede insista, non está para nada isto no programa electoral do PP, isto xorde despois, cando vostede quere converter a Marcón eu non si se nun parque tecnolóxico, universitario, asistencial e celulósico, similar non sei se ao parque de Walt Disney de París ou ao de América, non o sei, porque todo vai par alí e todo son burbullas no aire, non hai unha sola cousa que teñan sentido, insisto, faltan totalmente ao compromiso cos cidadáns e faltan, dende logo, a cumprir os pactos, no escrito que presentamos dicimos ese latinajo que todo o mundo coñece que di “pacta sunt servanda” e iso non quere dicir máis que os pactos están para cumprirse, que han de ser conservados e non vou numerar aquí todos os convenios e os pactos firmados entre a consellería do PP e a consellería do PSOE con este concello, que este concello cumpre escrupulosamente e que vostedes se saltan pola toureira, eu penso, incluso, que dun xeito ilegal, pero iso xa se verá máis adiante, e se no fora bastante con todo isto a intención única que teñen é privatizar a sanidade, fáltanlle tamén aos cidadáns desta cidade e desta comarca, esta área norte de Pontevedra, fáltanlle ao máis vital, que é o principio que eu cría que todos tiñamos totalmente asumido de que a sanidade é pública e ten que ser publica para todos, e vostedes queren tamén privatizar a sanidade, e non me diga que non, Sra. Murillo, porque lle podo dicir o que custan os hospitais que se fixeron en Madrid e en Valencia, o que hai que pagar por eles e as empresas que os están xestionando, son empresas construtoras como Dragados, Acciona, Sacyr-Vallehermoso, son empresas financeiras como CajaMadrid, etc., está todo aí e isto non o invento eu, estas son fontes verídicas e reais que dan estes datos, polo tanto só quero dicir fagan exame de conciencia, non se pode saltar por encima de todos os principios e non se lle pode faltar á confianza dos cidadáns en que, agora, nestes momentos, teríamos xa en obras Montecelo, acabaríamos moi pronto de ter ese hospital único, métanse iso na cabeza, único, non tres nin tropecentos, único que é o que se solicitou aquí sempre e polo que se fixeron manifestacións, así que pensen un pouquiño máis alá dos intereses partidistas, un pouquiño máis alá dos intereses de grupos de empresarios ou de financeiros ou o que sexa e pensen no que ten que pensar un concelleiro dun concello como este ou calquera outro, nos cidadáns, que son os que reciben as consecuencias do que nos facemos, moitas gracias.”

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido Popular, intervén **don Telmo Martín González**, manifestando: “Moitas gracias, Sr. Alcalde, antes de nada quería pedirlle que se se presenta un concelleiro non electo o mínimo que se ha de facer é presentalo á corporación, creo, eu dende que estou aquí de portavoz, sempre fomos 25 e hai un concelleiro non electo creo que se debe facer, por respecto á oposición, presentar ao concelleiro, que non pasa nada, eu doulle a benvinda ao Sr. Bará, pero que se sente unha persoa e que non se comente creo que non é de recibo; a segunda cuestión é, Sr. Alcalde, que lle vou pedir que fale co

CONCELLO DE PONTEVEDRA

seu xefe político, con Guillermo Vázquez, compañeiro fai un tempo de corporación e co que teño unha relación normal, e que lle pida que lle un cursiño ou que lle pague un cursiño ao Sr. Mosquera para que aprenda un pouco de comunicación de cando hai temas importantes na corporación, ao mellor ten que aprender a escoitar, dito isto paso a referirme a cuestión que traen vostedes sobre o hospital, quero facer aquí un pequeno recordatorio, pero vou empezar dicindo unha cousa, vostede sabe, Sr. Alcalde, que en varias ocasións díxenlle a vostede na Xunta de Portavoces, e algunha outra vez que estiven con vostede, que hai catro proxectos en Pontevedra que necesitan, sería bo para a cidadanía, que tiveran o consenso de toda a corporación, posto que se se consensúan aquí eses proxectos van saír adiante, voulos enumerar, o hospital, a estación intermodal, a circunvalación de Pontevedra, e ENCE, eses catro proxectos creo que deben de levar o consenso de toda a corporación, e sobre todo cando resulta que se fan as propostas para resolver eses problemas dende a oposición; con referencia a hospital vou enumerar unha serie de datos, mire, no ano 2005, gobernada a Xunta de Galicia polo PP, deixara unha partida, un convenio firmado con este concello de 27,5 millóns de euros para unha ampliación de Montecelo, o PP, seguramente por ter feito as cousas mal tamén na sanidade, perdeu as eleccións, mellor dito, gañounas pero non puido gobernar e entón formou goberno o Bloque co PSOE na Xunta de Galicia e consideraron que había que facer unha ampliación moito máis grande en Montecelo e, polo tanto, ían investir 120 millóns de euros, entón a Xunta de Galicia gobernada polo bipartito colle e rompe ese acordo que había da antiga Xunta de Galicia, en referencia ao que di o seu compañeiro de que chega unha Xunta nova e rompe os acordos anteriores, e fai un novo acordo que nós respectamos porque consideramos que cando se pasa polas urnas un está lexitimado para facer o que dixo cando se presentou as eleccións, dito isto, o bipartito, durante catro anos non fixo absolutamente nada pola sanidade en Pontevedra, porque nin sequera chegou a traer o borrador da licitación, tardou tres anos e medio en facer a declaración de supramunicipalidade de Montecelo, cando o PP tardou 6 meses, neste momento, polo tanto, se a Xunta gobernada polos partidos Bloque e PSOE durante a lexislatura pasada houberan comezado as obras de Montecelo hoxe non estaríamos a falar aquí deste asunto porque estou convencido que o Sr. Presidente da Xunta actual, o Sr. Feijoo, non ía tirar unhas obras recen comezadas, loxicamente, como así mo ten comentado a min, pero cando non se fan os deberes os electores castigan aos gobernantes e dánlle a oportunidade a outros que o que van facer é o hospital que se merece Pontevedra noutra ubicación distinta, isto ten moitas vantaxes e non ten ningún tema negativo, a primeira vantaxe que ten é que damos con dous equipamentos importantísimos en Pontevedra posto que o hospital de Montecelo vai seguir a ser un equipamento sociosanitario, como ben dixo a Conselleira de Sanidade, e vamos ter unha nova infraestrutura que un novo hospital ubicado noutra zona moito máis cercana á cidade, moito mellor comunicada, cando estean rematadas todas as obras e cunha inversión que o vai a duplicar ao final, porque é verdade que se falou de 130 millóns de

euros pero ao final van a ser 200 millóns de euros, se está falando, pero independentemente dunha inversión maior, un hospital que vai ter 82 camas máis, 6 unidades médicas máis, que vai ter 150.000 metros de construción, fronte os 92.000 metros que ía a ter Montecelo e todo son vantaxes, vostedes a parte negativa a poñen dicindo que se van tirar 50 millóns de euros invertidos cos anteriores gobernos da Xunta de Galicia, se esa Xunta de Galicia antiga non tivera investido 6 millóns ¿como estaría a sanidade en Pontevedra?, todo o que se invista en sanidade sempre é pouco, e digo máis, o proxecto de ampliación de Montecelo ¿que ía facer con esa parte toda última que se había reformado e modernizado en Montecelo? derribala, tirala abaixo, entón, non intenten enganar vostedes aos pontevedreses, o que pasa e que isto os colleu co pe cambiado e pensaron que eran cantos de sirena e como ven que é unha realidade e que a obra, segundo dixo o Presidente da Xunta, eu quérolle crer, vai estar comezada no primeiro semestre do ano 2011, a vostedes iso é o que lles preocupa, se se fai o hospital teñen un problema e se non se fai non o teñen, o que fan é poñer trabas pero é igual porque no hai ningún pontevedreses que no queira o novo hospital en Pontevedra, nin un, en ningún sector, pero sobre todo non o hai no sector da medicina, traia vostede a unha persoa independente da medicina que nos diga aquí se é mellor a ampliación ou o novo hospital, traia a un arquitecto independente que me diga que é mellor a ampliación que o novo hospital, a un enxeñeiro, a quen queiran que sexa independente, non atopan a ninguén, vostedes aos que atopan é aos colaboradores seus, aos amigos seus, porque vostedes, Alcalde de Pontevedra, ten que sacar isto para adiante, ten que paralizar o tema o hospital con tal de que non se comece no ano 2011, esa é a súa obsesión, nada máis, se por dentro está encantado, vostede como médico non é capaz de dicir que é moito mellor a ampliación que o novo hospital, sexamos sinceros, senón viaxemos a calquera das comunidades autónomas de España, non soamente a Madrid ou Valencia que nomea vostede, se quere imos a Cataluña, Andalucía, Baleares, País Vasco, imos a Asturias, a onde queiran, gobernadas polo PSOE, ou por partidos amigos do Bloque como o CIU, entón, xa está ben de enganar aos pontevedreses, o novo hospital de Pontevedra vai ser unha realidade, se poñan como se poñan, porque é un tema de interese xeral, a sanidade é un asunto moi delicado, vostede como profesional da medicina ben o sabe, está con nós dende que nacemos ata que morremos, non xoguemos con esas cousas, doulle razón nunha cousa, antigamente en Pontevedra non cumpriu case ninguén, tampouco cumpriu ben, ao mellor o PP, pero tampouco o bipartito, non nos boten as culpas a nós, o bipartito durante catro anos non fixo absolutamente nada, é máis, dous meses e medio antes das últimas eleccións autonómicas do 1 de marzo, o 11.12.2008 aprobou a declaración de supramunicipalidade, cando viñeron 20 veces aquí con grandes macroproectos, por favor, nós lle pedimos a vostedes aquí que os catro millóns de euros, co cambio que fixeron, que dixeron que ían mandar a Xunta para que expropien os terreos de Montecelo e nós dixémoslle que votabamos a favor desa proposta se a nova Xunta decide facer o hospital noutro lugar, non pasa nada, se deciden facelo

CONCELLO DE PONTEVEDRA

en Montecelo, a ampliación, pois van ben os cartos e senón que lles valga para outra cousa, pero non o sabía, todo é propaganda, porque, de feito, como ben dicía a compañeira Lupe Murillo, non aparecen por ningún lado, pero non se preocupen, non colaboren, non pasa nada, non respecten nin os dereitos democráticos que lle corresponde a un partido que pasa por unhas eleccións e gana maioritariamente, en Pontevedra é histórico o seu triunfo, precisamente, creo fundamentalmente, polo tema do hospital, vostedes iso non o queren respectar e, non se preocupen, son os pontevedreses os que estarán tomando voa nota no que están facendo con novo hospital os que van a tomar nota e van decidir nas eleccións municipais, primeiro, e despois nas autonómicas, e se o PP o fai mal castigarannos nas urnas, como debe de ser, peor polo menos déixenlle vostedes a unha persoa que acaba de gañar as eleccións que siga traballando á velocidade que vai, que estou convencido que a esa velocidade que impuxo o Sr. Feijoo na Xunta de Galicia vamos, seguramente, a acurtar os prazos, e iso o digo a nivel particular ou como concelleiro, non xa como membro do PP, creo sinceramente que se se segue ese ritmo de traballo dende a Xunta de Galicia para a construción do novo hospital en Pontevedra incluso podemos acurtar os prazos da ampliación de Montecelo, polo tanto lles pido que deixen os intereses partidistas e ideolóxicos, moitas grazas.”

Novamente toma a palabra a **Sra. Casal García**, dicindo: “Moitas grazas, Sr. Martín, empezando por unha cousa, vostede di que xa está aprobado todo o da incidencia supramunicipal, eu tiña entendido que o que se acordou na Xunta o día 3 deste mesmo mes é o inicio do expediente para a declaración da incidencia supramunicipal que como vostede todo, que sabe moito de todo, é un proceso que se abre agora e imos ver como remata, non me diga que o que lle levou catro anos, di vostede, aos señores do bipartito a vostedes o único que lle levou é acordar o inicio do expediente, perfecto, segundo, que me diga vostede que todos son vantaxes nun lugar no que queren montar un hospital onde non hai saneamento, non hai auga, non hai accesos, non está dimensionada nin sequera a electricidade, iso si é enganar a xente, Sr. Martín, sobre todo por un capricho, porque en ningún momento escoitei de ningún de todos vostedes, de ningún, que dixeran uns razoamentos lóxicos para non continuar co que se estaba facendo, eu lle dixen antes que había fotos, porque como aquí falan todos e o Sr. Louzán di que só hai que ver a foto da xuntanza que tivemos o outro día cos alcaldes, que lembro que representan máis do 70% da poboación da área norte afectada por este hospital, dicía: “só hai que ver a foto, é un frente político contra a Xunta e por iso se van a quedar solos”, eu lle quero ensinar esta outra foto de 2005, aquí están o Sr. Louzán, o Sr. Lores, o Sr. Núñez Feijoo, xa estaba alí, porque cando foron as eleccións parece que viñera de súpeto de paracaidista, non, xa estaba con Fraga, e o Sr. González Álvarez, cando acordan, polo ben de Pontevedra, continuar para adiante co tema de Montecelo, fala vostede de que todo son vantaxes e que de estamos preto pero ¿por onde vamos se non hai nin accesos? que pasa con todo o que se está a facer para os accesos a

Montecelo, coa colaboración da Xunta de Galicia ata o de agora, ¿iso tampouco vale para nada?, é increíble, e non me diga vostede que traíamos a un independente e non sei que, sae hoxe na prensa que o defensor do paciente, que é unha asociación a nivel estatal amosaba a súa grande preocupación polo intento de privatización da sanidade que se está intentando facer en Galicia e el mesmo di “a imitación de Valencia e de Madrid”, non inventamos nada, non veña dicindo que no País Vasco ou Andalucía seguen o mesmo modelo, porque non, e eu lle digo que os de Aranjuez, Arganda, Coslada, Majadaonda, Parla, Valdemoro, Vallecas, son hospitais da comunidade de Madrid onde os custos das obras están entre os 58 millóns de Aranjuez e os 250 de Majadaonda, iso custa a obra co canon de alquiler anual que teñen que pagar pasan un custo final de entre 300 e 1350 millóns, iso é o que está aí con datos auténticos e, ademais coa agravante de que como isto vaise pagar como alquiler, non se vai pagar como inversión, resulta que a Xunta de Galicia terá que diminuír o que está empregando agora en gasto corrente de sanidade, todos sabemos o importante que son os programas, da muller, dos nenos e todo o que está facendo de gasto corrente, terá que metelo aquí, porque resulta que ten que pagar como gasto corrente, porque é un alquiler, non unha inversión, xa lle dixen antes o nome dos donos deses hospitais, os arrendatarios, dicía que o bipartito no fixo nada nos tres anos e pico case catro que estiveron, resulta que o que non fixo o bipartito, porque as veces pecamos de puristas e de seguir a lei demasiado, o único que non fixo foi adxudicar esas obras no tempo en que estaban en funcións, cousa que si fixeron os do PP na etapa anterior cando adxudicaron a marabillosa Cidade da Cultura estando en funcións, os do bipartito foron tan rigorosos que como estaban en funcións non adxudicaron, porque vostede acaba de dicir que se estivera adxudicado seguiríamos para adiante, entón que hai que facer, ser arriscados como vostedes, tirar para adiante co que sexa, simplemente lle digo, non xoguemos cos intereses dos cidadáns, por favor, se hai uns quirófanos que se fixeron mal, na súa etapa, por certo, haberá que arranxar os quirófanos, se non teñen a suficiente altura ou a teñen de máis, haberá que arranxalos, pero non digan con iso que hai que tirar medio Montecelo porque é mentira, aínda que o fixeron mal vostedes, fixeron mal un cachiño pequeno, non todo Montecelo, o que non se pode ter é a xente como a ten, que creo que teñen presentado contenciosos, cun decreto de urxente ocupación, durante non sei cantos anos cos seus terreos suxeitos, sen saber que poden facer, non se pode xogar así coa xente, Sr. Martín e señores e señoras do Partido Popular, sexamos serios, eu apelo ao espírito navideño para que se decaten de que por gañar ou perder unhas eleccións non se pode pasar por enriba dos cidadáns, Sr. Martín, non se pode, eles son os que teñen que mandar no que facemos nós, non ao revés, moitas grazas.”

De seguido, volve a intervir o **Sr. Mosquera Lorenzo**, manifestando: "Grazas, Sr. Alcalde, xa mo temía, hai que ter valor para dicir que paralizamos nada, o concello por agora non paralizou nada, quen paralizou foi a Xunta, un proxecto que

CONCELLO DE PONTEVEDRA

estaba para adxudicar, o asunto é agredir ao concello por cousas que fan outros, moi ben, xa lle anunciei que ían ir por esa liña, pero é tan brillante a súa argumentación que resulta que o problema é o concello pero eu aínda non escoitei, ¿alguén escoitou canto vai a poñer a Deputación deses 30 e pico millóns de euros? o problema é o concello pero a Deputación aínda non comprometeu nin un euro, ni medio, por se acaso, está Louzán temblando a ver como remata iso non vaia ser que coas finanzas abaneadas que ten a Deputación non poida facer fronte aos problemas que están aquí, mire, en absoluto nos pillou co pe cambiado, que o Partido Popular non ía meter cartos públicos na sanidade era algo bastante claro, non nós pillou por sorpresa, todo o contrario, a pesar de todas esas manobras de despiste; vostede mete cantidade de cousas polo medio, como fai sempre, pide un consenso sobre ENCE para que quede en Pontevedra, sentímolos moito, nós nunca imos ter eses consensos, xa di o Alcalde que tivo que ir o cuartel por pegar carteis de ENCE-EL-NOSA fora da rúa, non cambiar agora, iso é o que temos nós, non cambiamos, vostedes si queren que ENCE quede onde está e, no seu defecto, en Pontevedra, ou a circunvalación que a están saboteando para facer unha autovía para chegar a esa fastuosas ubicación de ENCE, con todos os respectos, hai unha figura histórica á que chaman Antoñita la Fantástica e creo, Sr. Martín que a súa figura vaise asociando cada vez máis a esa, con todos os respectos, o problema que temos aquí, Sr. Martín, é que a min me da a sensación de que vostede non é nada consciente do que ten ao redor, vostede chega en plan salvador da patria pepera, salvador do PP de Pontevedra pero de repente tópase con que a súa traxectoria é vender a Pontevedra, unha vez si e outra tamén, intentar paralizar todas as obras, que o digamos nós aínda, pero no seu grupo, algún concelleiro bastante serio marchou por non compartir os seus métodos e a súa maneira de actuar e agora, por exemplo, un bo grupo de militantes vai montar unha lista independente porque non toleran que o PP venda a Pontevedra continuamente, dígame senón o Sr. Petete, que está a facer anuncios, de onde é, a quen apoiaba e onde estaba integrado, e por que no cre nestes momentos no PP, e non el só senón todos os que ten ao redor, pero non é so iso, hai moitos máis síntomas de que esa política de interromper todo e non defender a Pontevedra en ningún caso funciona, nós non paralizamos nada, non nos boten a culpa, vostede ten un proxecto de estación intermodal que só depende da Xunta, só depende de vostedes, se ten tanta influencia fale con Agustín Hernández e que refaga a estación de buses, nada, o problema é montar lío, iso aguantase con moita lería un mes, dous ou un ano pero ao final vaise caendo, incluso dentro do seu propio partido, esa política de presentar eses fastos esta caendo, incluso entre as súas propias bases, Antoñita la Fantástica montada nun DVD nunha realidade virtual cola o que cola, pero está caéndose estrepitosamente, pénsese en serio se quere e se non siga por esa liña, bastante mellor para os que temos un proxecto serio e coherente para esta cidade, moitas gracias.

A continuación intervén o **Sr. Martín González** para engadir: “Moitas gracias,

Sr. Alcalde, eu diríalle que lle recomende ao Sr. Mosquera, como di a Sra. Casal, xa que estamos nestas datas, e eu comparto con ela o de que os Plenos non deben ser moi así, pero a orde da día non a facemos nós, loxicamente, senón o Sr. Alcalde, non me fale vostede de escisión nos partidos cando resulta que temos un goberno formado por dous partido e, precisamente, neste partido hai dúas persoas no candeiro agora mesmo por quen vai ser ou non vai ser, non falemos diso agora, estou moi preocupado eu por ese asunto, como vostede entenderá, Sr. Mosquera, entrando no que importa, vostede fala de paralización pero eu creo que vostede hoxe, por respecto aos cidadáns de Pontevedra, ata case non debía ter intervido no Pleno porque vostede esta mañá non sae moi ben parado na prensa e case lle debería pedir desculpas a este grupo que ten aquí porque non hai moito que dicía que nós somos os causantes de paralizar a ponte de As Correntes, estamos paralizando todo, non sei se estará mentindo a prensa hoxe, eu creo que non, polo tanto un pouquiño de respecto, sexamos serios, falamos dunha infraestrutura moi importante para o futuro de Pontevedra e de toda a súa área de influencia sanitaria e a vostedes iso lles preocupa só por temas partidistas, o demais lle importa un comino, porque se lle importara tiveron poder suficiente, os que forman aquí o Bloque en Pontevedra, para presionar a Xunta de Galicia para que empezara o hospital moito antes porque sabían que a postura deste grupo representada aquí por min dende o ano 2007 é que se chegabamos nós a Xunta de Galicia Pontevedra ía ter un novo hospital e non queríamos a ampliación, por tanto tiveron dous anos aínda para presionar, puideron haber empezado e, Sra. Casal, non quería entrar neste asunto, eu estou encantado de que me demostre vostede un día o borrador da licitación, non confunda licitación con adxudicación, para adxudicar unha obra hai que ter os terreos expropiados, a min me dixo o outro día o Sr. González na Comisión de Facenda que non había investido nunca un euro nas expropiacións de Montecelo, non sei se mentiu ou non, digo o que dixo el na comisión, polo tanto, se non están expropiados os terreos de Montecelo non se poden comezar ningunhas obras, eu pídlle que me enseñe o borrador para a licitación da obra de ampliación de Montecelo e eu publicamente o direi, cando me enseñe ese borrador, entón, o que fixo a Xunta de Galicia do Sr. Feijoo en 3 meses foi o que o bipartito en 3 anos e medio, declarar a supramunicipalidade dos terreos de Monte Carrasco, nós queremos un novo hospital e Pontevedra vai ter un novo hospital, se estiveramos gobernando nós neste momento no concello de Pontevedra pois sempre se acurtan os prazos, porque traballariamos codo con codo, pero facémolo igual dende a oposición, non se preocupe, e se no ano 2011 os cidadáns de Pontevedra nos dan a súa confianza garántolle agora mesmo que vanse acurtar os prazos e se non seguiran vostedes pero o hospital vaino haber si ou si, esa é unha realidade, métanse iso na cabeza, entón, alá vostedes, sigan xogando vostedes con algúns pontevedreses que lles seguen querendo, porque a vostedes hai que recoñecerlles que cando chegaron, no ano 1999, algunha cousa fixeron ben porque tiveron despois un bo resultado no ano 2003, é verdade, pero do ano 2003 ao ano 2007 fixérono rematadamente mal e le-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

varon un repaso nas eleccións e hai que respectalo, se conforman con ser a terceira forza política, o Bloque é a segunda forza política, perderon 5 concelleiros nas últimas eleccións, que quere que lle diga, e non imos falar das últimas eleccións autonómicas de marzo, entón, un pouco de respecto todos, entón, novo hospital en Pontevedra si, e non hai ningunha cuestión, ningún dato que vostedes poidan dicir que é negativo, todos son positivos, e non o digo eu, o din moitos expertos da sanidade, técnicos e moitos cidadáns de Pontevedra, moitas grazas.

Novamente toma a palabra a **Sra. Casal García** para apuntar: “Non pensaba intervir pero por alusións, non se preocupe, o que pasa é que non sei se atoparei o borrador porque como quedaría na Consellería de Economía, que é onde tiña que estar, seguramente os que chegaron xa non o teñen, pero non se preocupe que o buscarei, mire, a única razón que da vostede para facer un hospital en Monte carrasco é si porque si, acábao de dicir agora, non conseguín que dixera nin unha sola razón de por que hai que botar abaixo un proxecto como estaba e no trámite que estaba solo porque vostede quere, vostede o dixu, eu non lle neguei que vostede dixera que ía facer un novo hospital eu dígo-lle que onde non estaba era no programa das eleccións autonómicas do PP, non estaba para nada e xa llo demostramos non hai moito naquelas xuntanzas que tivemos, polo tanto so lle quero dicir iso, e mire, estean tranquilos co tema de se o candidato ou non candidato, eu lle aseguro que a min non me preocupa nada, o compromiso que teño é ata maio de 2011 e, como comprenderá, me da exactamente igual porque o que si teño claro é que ata maio de 2011 este equipo e esta xefa de grupo vai traballar como traballou dende que está aquí, a tope, facendo cousas, aínda que a Sra. Murillo diga que non facemos nada, que vaia polas rúas e pasee un pouco por Pontevedra, agora ven o nadal, vexan o que se está a facer en Pontevedra, vexan como a xente está encantada e apoiem iso porque se non a xente non o entende, que falen mal da súa cidade non o entenden, moitas grazas.”

De seguido, volve a intervir o **Sr. Mosquera Lorenzo**, manifestando: “Grazas, Sr. Alcalde, creo que co día que temos xa deberíase acabar o debate, o único dicirlle ao Sr. Martín que dispara para todos os lados e deu a entender que ata o ano 2011 non vai haber nada, que son os prazos máis realistas, ou sexa, a película é paralizar e botarlle a culpa ao concello e dicir que se o concello fixera non se sabe que cousa entón igual axilizarían moito os trámites e se iniciaba, por agora non hai ningún trámite, nin axilizamos nin entorpecemos ningún, pero xa empezamos a poñer a venda, evidentemente o hospital aí, se é que se fai algún día, ni vai empezar no 2011 ni no 2012, obviamente, governe quen governe, eu remataría dicíndolle, Sr. Martín, póñase en serio a defender a esta cidade, o que fixo co superdelegado, o que está facendo co hospital, o que está facendo con todas as cuestións, mire, agora di que esta Xunta é axilísima, e tanto, tiña que estar en obras a 531 e non está, parada non se sabe ata cando, tiñan que estar os cartos para Loureiro

Crespo, Casteñal e Salgueiriños e non están, é axilísima, parando é unha cousa axilísima, facendo hai que agardar, por agora o que fixo foi para todo, co seu aplauso, co seu aplauso, Sr. Martín, e iso é grave, están tomando nota as bases do seu partido e os cidadáns, moitas gracias.”

A continuación, intervén de novo o **Sr. Martín González**, quen sinala: “Sr. Mosquera, a min o que pense vostede e todo iso que di non me preocupa absolutamente nada, a min me preocupa o que pensen os cidadáns de Pontevedra, polo tanto, se non estou traballando xa me castigarán nas hurnas, de momento son o candidato, aínda que sabe que, de momento, ningún dos que estamos aquí está nomeado oficialmente, pero bueno, supoñendo que fora así, e quería dicirlle para rematar, Sra. Casal, que cando digo si ou si é porque creo firmemente nesta Xunta de Galicia e no presidente Feijoo e el veu a Pontevedra a dicir que ía facer un novo hospital en Pontevedra e polo tanto iso non ten marcha atrás, moitas gracias.”

De seguido toma a palabra o **Sr. Alcalde** para concluír: “Moi brevemente, eu quería dicir dúas cousas, unha é que, efectivamente, probablemente houbo un fallo de protocolo ao non presentar ao Sr. Luis Bará, eu creo que o coñecemos todos porque xa foi concelleiro noutra corporación, de todas maneiras merece que se lle presente, foi público o seu nomeamento, cremos que temos un activo importantísimo para esta cidade, de todas maneiras, parafraseando unha última frase do Sr. Telmo Martín, eu creo que esa intervención do Sr. Martín era, cando menos, mal intencionada, pódeme permitir opinar, porque cando nós poñermos “boas festas” somos mal intencionados respecto á navidad eu creo que a intervención que se fixo aquí era, tamén, mal intencionada; segunda cuestión, o Sr. Martín opina do que opina todo o mundo, os médicos, especialistas, incluso o Alcalde, se non fora Alcalde e fora médico diría que o hospital é marabilloso, vostede, se permite o luxo de opinar non só por vostede e polo seu grupo municipal que, efectivamente, está claro que opina por todo o grupo municipal porque o resto do grupo no opina máis que o que opina vostede, pero tamén opina do que opina o Alcalde, é un pouco esaxerado, e faltarlle ao respecto a 13 alcaldes que veñen aquí, dicindo que son un personajillos amigos do Alcalde, home, hainos amigos e enemigos pero veñen aquí a dar a súa opinión, un mínimo de respecto, porque está un pouco crecido, e alí no meu pobo, que sabe ben onde é, dise que non cuspas para arriba que che pode caer, eu lle recomendo isto, gustoume o símil do Sr. Mosquera, o de montado no DVD, pero tamén pode caer un montado en calquera cousa, polo tanto recoméndolle prudencia, Sr. Martín, moita prudencia.”

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 7 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 6 do grupo municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular),

CONCELLO DE PONTEVEDRA

e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas e Obras, presta a súa aprobación á proposta da Alcaldía, en consecuencia, acorda:

PRIMEIRO.- Reiterar expresamente e ratificar os compromisos adquiridos por este Concello coa Xunta de Galicia a través da Consellería de Sanidade no Convenio marco suscrito o 30/05/05 e da súa modificación do 19/06/09.

SEGUNDO.- Amosar o rexeitamento expreso do Pleno da Corporación ao acordo de 03/12/09, polo que se aproba de xeito inicial a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para o novo Hospital Único de Pontevedra, a construír en Monte Carrasco, na parroquia de Marcón, que se entende que vulnera e quebranta os acordos pactados nos convenios suscritos en datas 30/05/05 e 19/06/09, declarando como non respectuosa coa autonomía municipal e cos principios que rexen as relacións interadministrativas a decisión da Xunta de Galicia aínda non notificada ao Concello e sen prexuízo das alegacións, informes e recursos que no seu momento procesal oportuno se poidan formular por este Concello .

TERCEIRO.- Manifestar expresamente a decisión do Pleno da Corporación do Concello de non colaborar no financiamento do novo centro Hospitalario a construír na parroquia de Marcón.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo á Xunta de Galicia.

4.- ADHESIÓN DO CONCELLO AO BORRADOR DE CONVENIO CON ACUANORTE PARA A MELLORA DO SUBMINISTRO DE AUGA A PONTEVEDRA E COMARCA.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable (por unanimidade) da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas e Obras, de data 15.12.2009, emitido sobre a proposta do Concelleiro de Goberno delegado da Área de Ordenación do Territorio e Novo Plan Xeral, relativa á adhesión ao borrador do convenio con acuaNorte para a mellora do subministro de auga a Pontevedra e comarca.

Seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación a proposta do Concelleiro de Goberno delegado da Área e o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes (24), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas e Obras, presta a súa aprobación á proposta e, en consecuencia, acorda:

PRIMEIRO.- Adherirse ao Borrador do Convenio de Colaboración entre os

Concellos de Pontevedra, Marín, Sanxenxo, Poio e Bueu coa “Sociedade Estatal Aguas de la Cuenca del Norte, S.A.” para a construción e explotación da actuación “Nuevo Abastecimiento de Agua a Pontevedra y su Ría”, comprometéndose o Concello de Pontevedra a asumir as obrigas derivadas da súa sinatura, unha vez corrixidos os seus extremos e logo da tramitación do preceptivo expediente e aprobación polo órgano municipal que corresponda.

SEGUNDO.- Comunicar á Sociedade Estatal Aguas de la Cuenca del Norte, S.A. (acuaNorte) o presente acordo de adhesión ao Convenio, para o seu coñecemento e demais efectos que procedan.

5.- PROPOSICIÓN DE ACORDO PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A CREACIÓN EN PONTEVEDRA DUN CENTRO CIENTÍFICO E TECNOLÓXICO.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame desfavorable (por maioría) da Comisión Permanente de Recursos Humanos e Servizos, de data 14.12.2009, emitido sobre a proposición do grupo municipal do Partido Popular relativa á creación en Pontevedra dun centro científico e tecnolóxico.

Aberto o debate, fai uso da palabra **don Telmo Martín González** en representación do grupo municipal do Partido Popular, manifestando: “Moitas gracias Sr. Alcalde; o Partido Popular considera de que chegou o momento de que Pontevedra inicie a súa traxectoria no campo da investigación e da innovación; é evidente que Pontevedra vive demasiado tempo de espaldas ao Campus Universitario, dá a impresión de que cando unha persoa, incluso de fóra, chega aquí, de que cando baixamos pola cidade para abaixo cara o río Lérez chegamos ao río Lérez e parece que aí se termina a cidade, entón nós consideramos que hai que potenciar o Campus, é unha oportunidade histórica a través dos cartos, dos fondos que veñen do Estado agora co segundo plan “E” o co plan “S”, pois que unha parte importante de eses cartos, nós consideramos que 5 millóns de euros, que é o máximo que se pode poñer nun proxecto único, pois que se dediquen a facer un centro científico e tecnolóxico de acordo coa Universidade de Vigo a onde pertence o Campus de Pontevedra; nós consideramos tamén que o lugar para facer este centro, aínda que este centro habería que facer como tres fases, a primeira fase sería crear unha empresa entre o Concello e a propia universidade e despois máis adiante, cando estea desenvolvido, se terían que incorporar aí as empresas que queiran participar nese centro tecnolóxico, digo isto porque creo que todo o mundo sabe de que en Galicia somos a única cidade que non ten ningún centro tecnolóxico, incluso hai Concellos máis pequenos como é o caso de Narón que tamén o teñen; á parte diso que xa o teñen outras cidades de Galicia, creo que aproveitar isto sería moi bo para

CONCELLO DE PONTEVEDRA

o futuro de Pontevedra, sobre todo cando estamos falando en investir en museos da historia que nos parece moi ben, creo que temos que recordarlle a todo o mundo e potenciar de onde vimos, a nosa historia, pero que tamén debemos de poñer a primeira pedra para o que queremos ser no futuro e que mellor que isto sexa a través dun parque científico e tecnolóxico; como dicía antes, nós consideramos que o lugar para ubicar este centro é nos terreos de Tafisa e cando me refiro aos terreos de Tafisa non me refiro a zona que está xa para o novo edificio de Bellas Artes, estoume referindo a que dentro do desenvolvemento urbanístico que ten Tafisa o que nós queremos que sexa todo público, excepto todo aquilo que sexa público porque hai vivendas públicas que corresponden a parcelas municipais e tamén hotel e equipamentos, consideramos que agora é o momento e que había que aproveitar o momento sobre todo pola crise que hai que se podería chegar a acordo para construír este centro científico e tecnolóxico nos terreos a desenvolver en toda a zona das vivendas de Tafisa, como vostedes ben saben nós non queremos que en Tafisa se faga ningunha vivenda privada, queremos que sexa todo público e as vivendas que están alí se poderían facer ou se poderían cambiar e consideramos que aí é o lugar pero tampouco non somos nós que ten que dicir “que ten que ser aí nada máis”, estamos abertos a calquera outra cuestión; o que si cremos é que ademais o espírito deste plan do goberno de España precisamente é para isto, por que non o imos a aproveitar, dende logo é a oportunidade e o momento histórico, senón se fai agora haberá que facelo no futuro, iso está claro pero consideramos que este é o momento e que se o goberno local quere consensuar con nós e di “agora non pode ser nesta zona porque os cartos hai que investilos no prazo dun ano e temos moito máis rápido outro lugar un edificio ou o que sexa”, pois estamos dispostos a escoitar todo iso, pero nós dicimos que se poden gastar o investir os 5 millóns de euros no centro científico e tecnolóxico partindo primeiro facendo a empresa pública entre a Universidade e o Concello de Pontevedra, despois, lóxicamente, hai que contratar seguramente a especialistas para que nos digan a que se debe dedicar ese centro científico e tecnolóxico, porque poden entrar aí unha batería de cousas pero hai que facer un estudo para non colisionar con outros centros que xa hai en Galicia pero creo que en Pontevedra hai moitísimas cousas que facer e polo tanto é a proposta que traemos aquí; espero, antes din no punto anterior que hai catro proxectos de consenso importantes en Pontevedra de todos os grupos, pero considero que este poderíamos dicir que é o quinto, porque tamén é moi importante, entón espero ter, digamos, o sentido común do goberno local de Pontevedra para, entre todos, conseguir facer o primeiro centro científico e tecnolóxico en Pontevedra.”

A continuación, en representación do grupo municipal do PSdG-PSOE, intervéñen **don José Antonio García Lores**, dicindo: “Bos días a todos e a todas; plantea o grupo do Partido Popular unha moción cunha proposta de acordo final e que vai dirixido á creación dun centro científico e tecnolóxico coa participación e a implicación da Universidade e doutras empresas interesadas, e unha lectura superficial

da moción semella así como unha proposta positiva que a adorna ben filosoficamente pero que convén matizar tamén algunha cuestións sobre reflexións e esas sentenzas tan enfáticas que fan no escrito cando non pon cousas e non quixera ser ferinte na exposición pero a proposta que plantexan..., insto non pode ser froito da improvisación nin da ocorrencia que un ten pola mañá despois de despertar dun sono estraño, nin sequera deses concursos de ideas que estamos acostumados a escoitar por aí polas tabernas, case máis ben incluso como isto do soterramento da estación que no seu día algúns fixemos algunha proposta e se me antoxa case tamén unha copia tamén, dalgún xeito, dun proxecto que no seu día e que está en marcha impulsou a Concelleira Teresa Casal, conxuntamente coa Cámara de Comercio, que era o plan Incide, apoiado pola Consellería de Traballo dese goberno de coalición, coalición democrática por certo, que parece que hai que sentar claros os termos tamén porque se poden gañar as eleccións pero non gobernar; o futuro dunha cidade e produto dunha longa reflexión plural de todos os axentes que interveñen e que viven o día a día nunha cidade, Pontevedra non naceu onte, hai moitos anos que esta cidade a través de diferentes debates, de estudos, como o seminario Carlos Velasco que coñece ben, o Eixo Atlántico, a Universidade, mesmo o plan estratéxico da Deputación, se veñen definindo obxectivos, propostas programáticas, colectivas, que finalmente conflúen en estudos, normalmente os plans xerais de ordenación municipal que definen o futuro dun pobo, dunhas cidades, etc.; entón, claramente llo digo, como o outro día na Comisión, a súa proposta, proposta do Partido Popular, dende o punto de vista administrativo é imposible e dende o punto de vista técnico e práctico é absolutamente irrealizable, porque claro o vinculan ao Plan Zapatero, perigo, coidado, o Presidente do Goberno, e os prazos que se establecen no Real Decreto dese fondo estatal, así como na resolución da Secretaría de Estado de Cooperación, pois non se poden cumprir, pero incluso a pesar de sabelo e conscientes desa dificultade aínda é bo que o recoñezan como o facía o Sr. Moreira aos medios de comunicación o día 1 de decembro cando presentaron esta moción; incluso me queda a dúbida de se o Partido Popular propón esta moción con bo agrado e con bo senso, o digo por iso de que claro nun fondo estatal de inversión que plantexa ese denominado plan Zapatero, tantas veces denostado e criticado polos seus dirixentes nacionais e autonómicos, pero iso si ao primeiro plan acolléronse o cen por cen dos concellos gobernados polo PP en todo o estado, e fan unha serie de aseveracións tan contundentes e rotundas que case que da un pouco de noxo porque creo que Pontevedra nunca viviu de espaldas ao Campus Universitario como di vostede, hai un convenio de colaboración coa a universidade dende hai tempo, o Concello destina neses orzamentos que vostedes votan en contra unha cantidade para os estudos de moda, dende que se crearon, están aí tamén os feitos da implantación de Belas Artes, de Restauración, é algo que non lles gusta que precisamente acaba de nomear vostede que é a posta a disposición dos terreos de Tafisa, aí no seu momento onde non se queren facer vivendas privadas polo visto ou algún interese inicial, e aquí ao lado do propio Teatro temos a Casa das Campas,

CONCELLO DE PONTEVEDRA

tamén se puxo a disposición da Universidade; entón parece que teñen a memoria un pouco quebradiza e os seus argumentos convértense en contraditorios, voltamos a vista atrás, hai un mes, cando falábamos do Centro de Interpretación Ambiental de Lourizán alguén dese lado dicía que era un centro especializado de referencia mundial na investigación do ámbito forestal, ou sexa que en Pontevedra algo temos, non será moito pero algo temos, non?, na innovación e na investigación e ademais do de Lourizán temos tamén a Misión Biolóxica do Centro Superior de Investigacións Científicas, ou sexa que o panorama non debe ser así tan negro creo; por certo que fan referencia a unha serie de centros tecnolóxicos por aí cando foi a moda aquela do falecido Sr. Cuiña de que os parques xurdían como setas por todas as esquinas sen ningún tipo de planificación, de conexión viaria, intermodalidade, que vostede tanto fala, precisamente o parque tecnolóxico da cidade do mar, un proxecto impulsado polo Partido Socialista de Vigo, avalado pola Xunta do goberno de coalición, por ámbolos grupos, resulta que como dicía a miña compañeira, vostedes, a Xunta do PP, do Sr. Núñez Feijoo, que é a que recorta en Educación, recorta tamén na Universidade e este proxecto da cidade do mar vese tamén recortado nas súas pretensións iniciais de converterse, efectivamente, nun centro de referencia mundial de todo o tema relativo ao mar; falan de tres fases, primeira fase, constitución dunha sociedade mercantil, non son experto pero seguramente a tramitación que require a constitución da sociedade mercantil e aquí hai xente máis experta que eu, entendo que poñer de acordo aos axentes, desenvolver os convenios, estudos xurídicos, notarias, rexistros, exposicións públicas, constitución, etc., pois temos un prazo ata o día 4 de febreiro para a presentación dos plans do denominado FEIL; despois din que hai que facer un estudo de viabilidade e deseño das actividades de investigación nos que se vai a especificar, canto tempo lles levaba a vostedes facer un rigoroso estudo da súa tramitación?, ou tamén o resolvemos así en dúas horas cunha infografía desas de Autocad, a min lévame un pouco máis de tempo porque aínda non o manexo ben; xa lle digo, xa avanzou que en Tafisa, porque crin que nos ía propor tamén en Marcón; din vostedes que se pode completar en dúas fases, pois aclárenos por cal delas empezaría, empezamos xa polo edificio, xa o facemos, o adxudicamos, o damos así xa a dedo a unha empresa, declaramos tamén a supramunicipalidade, etc., e se foxe un edificio dos existentes supoño que a Secretaría Xeral de Patrimonio da Xunta tería que dicir algo, non, porque Benito Corbal, a Delegación de Sanidade, pois haberá que cambiar o uso dos edificios; entón xa lle digo plantexada a moción con este escrito formal, etc., pero é que é unha ratonera, senón facemos as cousas sempre nos acusan, acabamos de velo hai un rato dende a propia Sra. Murillo, non son valentes, renegan do desenvolvemento, que resulta que vostedes non inverten en I+D+I, viven de costas á cidade, ao futuro e demais, e claro e se o fas como isto e imposible cumprir seríamos uns incompetentes se xestionáramos mal as cousas; entón, con certa vehemencia, todas as axudas e colaboracións que queren vostedes prestar a este grupo de goberno, creo que mellor que gaste as forzas coa Xunta de Galicia porque a min dáme a sensación de que nos

quere botar unha axuda pero creo que é a man á gorxa; despois dicirlle que tal como hai un pouco plantexaban estas cuestións de megalomanía das cousas, etc., e ao mellor que non se gravase isto para non desilusionar así moito aos nenos porque eu de pequeno cría nos reis magos pero xa hai tempo que creo que debemos ser un pouco máis responsables que estamos na vida pública adicados a tomar decisións que van a repercutir sobre o futuro de moitos cidadáns e dos nosos fillos como dicía antes a súa compañeira de grupo, por iso repítolle que a intencionalidade pode ser moi boa pero a crudeza da realidade e do procedemento é a que é, entón sentímolos moito pero imos a votar en contra esta proposta.”

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, fai uso da palabra **don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, indicando: “Grazas; engancho polo final iso de sentir moito exactamente non creo que sexa; moi brevemente, dende logo supoño que ninguén que siga a traxectoria do grupo municipal do Partido Popular nestes dous anos e pico podería supoñer, iso si que sería unha sorpresa, que propuxera algunha actuación para este plan que fora razoable e executable, iso é obvio que sería imposible, é absolutamente imposible, porque sería unha sorpresa, aí si que nos deixarían despeinados, se se propuxeran algo que fora razoable, algo que se poida executar nun ano sen maiores problemas, que cre postos de traballo durante ese tempo, que teña perspectiva de futuro, iso radicalmente, imposible; entón nos veñen cunha teoría de un gran centro que podería ser ou non podería ser como axitando isto de científico e tecnolóxico, pero eu de verdade sería infinitamente máis rigoroso e dou como idea, por se queren aínda trasmitila, facer un dispositivo, unha máquina, unha investigación, a ver como se detecta a boa e mala intención na iluminación navideña, iso sería mundial, imaxínese, Pontevedra pioneira, ou algún dispositivo intelixente, salvo as calculadoras e os ordenadores, non lle valen, para non cometer erros de vulto, non só na modificación senón no resto, na planificación da actuación, algo que non sexa un ordenador ou unha calculadora para que detecte automática e de maneira intelixente erros de contas como as que meteron nas modificacións, imaxínese, para corrixir con táboas e demais, sería absolutamente pioneira, e por exemplo unha máquina que sempre se asociou, historicamente a alemáns ou xaponeses, ou coreanos ou así, que inspire, non se sabe como, habería que mirar, electronicamente, unha investigación moi sesuda pero creo que se podería rematar que dea ganas de traballar, de seguir os expedientes, coñecer o concello, por exemplo, ou algún tipo, iso si que xa hai que contar coa banca e é complicadísimo de Visa electrónica que non sexa Visa para que o Alcalde teña Visa porque non a ten, por exemplo, investigacións profundas de feito, para executar no ano, moito máis factibles que as que vostedes propoñen, o que non fai falta para nada é buscar unha máquina de ocorrencias, hai xa vostedes están sobrados de ocorrencias, iso si que non faría falta investigalo, con poñer o grupo municipal con Telmo ao fronte, máquina de ocorrencias para exportar polo mundo, Antoñita a fantástica a ocorrente, e iso se que nos pode dar unha traxecto-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ria absolutamente impecable e poñer a Pontevedra na vangarda da investigación mundial; miren votedes, sexan algo serios e deixen de propoñer, díxeno ao principio e acabo con iso, é imposible que propoñan nada serio, executable en tempo e forma e que realmente sexa solvente, enganando unha idea que poida ter interese ao final a perverten absolutamente sempre, comprenderá que a única intención que hai niso é que 8,7 millóns que vai haber neste plan, 5 millóns se destinen a nada, que se perdan, é a única intención que teñen vostedes; puideron ter un montón de ideas, mire as que lle din, aínda lle podía dar máis, podía dar moitas máis e creo que moito máis solventes que as que propoñen vostedes polos prazos e as condicións nas que as fixen, moitas gracias.”

Novamente intervén o **Sr. Martín González**, para dicir: “Moitas gracias Sr. Alcalde; non me estraña que despois da intervención que fixo o Sr. Cáceres é imposible cumprir os prazos porque con esa lentitude de exposición que nos adormece a todos, loxicamente teño que dicir, estou convencido de que se vostede se puxera de acordo co Sr. Mosquera porque no fondo queren, porque nisto non hai que ter argumentos, argumentos e argumentos, isto é cuestión de vontade política, cousa que vostedes non cren, entende, resulta de que en Pontevedra conformámonos agora si cando aí algún tema protestamos contra os demais porque nos van diante, entón non é argumentario ningún, é dicir é unha oportunidade nestes momentos polo tema plan “S” do Sr. Zapatero, pero o centro científico e tecnolóxico vaino ter igual Pontevedra, non se preocupen, ou se cren que por estar vostedes gobernando non o van a ter nunca, non, nós non somos conformistas, nós somos ambiciosos e sabemos que esta cidade ten moitas oportunidades o que pasa é que vostedes non saben poñelas en valor, entón recorren vostedes e entra na segunda parte o Sr. Mosquera, pois a iso, a descualificacións, a insultar e a esas cousas as que sabe xogar o Sr. Mosquera, xa está ben, vostedes que ademais e profesor matemático, Sr. Mosquera, imaxino que non lle fará falta ningunha calculadora ten vostede cerebro suficiente para calcular o que sexa, non, así calcula tan ben as inversións en Pontevedra como din a miña compañeira Lupe Murillo; de calquera maneira nós o que temos que facer e creo que estamos facendo dende a oposición é poñer propostas enriba da mesa e fiscalizar aos gobernantes de Pontevedra, claro o que parece e que non gusta cando os fiscalizamos e poñemos a disposición de todos os pontevedreses o que vemos que hai no Concello e, por outro lado, facemos as propostas que cremos que son boas para o conxunto dos cidadáns de Pontevedra, en definitiva, para o interese xeral, vostedes rin e collen de broma un tema tan importante que, ao mesmo tempo, é o espírito do Plan do Sr. Zapatero, que me parece moi ben, xa que queremos cambiar o modelo produtivo, o modelo económico de España pois empecemos por un centro científico e tecnolóxico, para non quedar convertidos nunha cidade meramente administrativa e comercial, cada vez menos, desgraciadamente, por culpa do modelo de cidade que vostedes están xerando nos últimos anos, a nosa obriga e traelo aquí, señores do goberno aproveiten vostedes a chega-

da do segundo plan do goberno de España para investilo no que ten que ser a innovación, porque teño que dicirlles unha cousa aos dous, eu estiven dúas veces co vicerector do campus e me dixo que era un soño, que era a primeira vez que ía un político a propoñerlle un tema interesante para a universidade en Pontevedra, pregunténlle vostedes e se non é certo que o desminta, preguntélles a eles, non cren que un político vai dicir que hai que investir 5 millóns en innovación, que os hai, que ademais non saen das arcas municipais, pero vostedes pensan mellor noutra cousa, a ver cantas aceras máis facemos que con iso imos ter votos, eu xa lle dixen hai moitos anos, Sr. Alcalde, que nos parecía ben a peatonalización e que está ben o que se está facendo na cidade, díxenllo e apláudollo pero terá que haber algo máis que iso, digo eu, polo tanto, deixémonos de bromas e de tonterías, que resulta que non queren que sexan os 5 millóns porque teñen outra cousa proxectada, bueno, que sexan 4 ou 3, pero empecemos con iso agora, por favor, o podemos facer e no fondo saben que é bo para todos o que pasa é que vostedes están entretidos cos seus problemas nos dous partidos e no goberno e resulta que non teñen as ideas frescas e están agotados completamente para traer isto, ideas novas, frescas, ideas innovadoras que tanto necesita Pontevedra, moitas gracias.”

De seguido, volve a tomar a palabra o **Sr. García Lores**, manifestando: “Mire, Sr. Telmo, para o meu libro de plenos, que pretendo escribir algún día, tiña anotadas catro cousas: a do hospital, a circunvalación, o AVE e ENCE e agora vou poñer a quinta, o centro tecnolóxico, eu xa non sei se axustamos os cartos á obra ou a obra aos cartos, porque parece que estamos a ver quen a di máis grande, fágao vostede, que vostede o fai todo, cando governe, mire, aquí o bromista é vostede, a seriedade creo que hai que poñela por diante de todo e o que non vai facer esta parte do goberno e ter que devolver eses 5 millóns de euros do fondo local, xa o dixen antes, xa falei eu aquí de soños, debeu de coller ao vicerector tamén medio durmido, ¿que nos conta?, a cruda realidade é que acaban de recortar vostedes dende a Xunta de Galicia ao Concello de Pontevedra no programa educación familiar, por exemplo, o 50% do que estaba comprometido, do gasto comprometido, esta é a realidade da Xunta de Galicia que vostedes tanto defende e, postos a dicir, podemos poñer na Illa de Tambo un centro de lanzamento espacial, ademais ten cerca o porto de Marín, home, por favor, eu creo que fai falla un pouco de poñer os pés no chan e saber a que estamos xogando e onde estamos xogando.”

A continuación intervén o **Sr. Mosquera Lorenzo** para engadir: “Gracias, Sr. Alcalde, precisamente eu sei que as calculadoras e os ordenadores teñen un problema que é que un teclea e o que sae de alí lle parece que é dogma e as veces hai erros, entón, facer unha investigación de como hai un mecanismo para detectar eses fallos universalizaría, sería moi democrático, non hai por que ter unha grande axilidade, nin mental, nin de cálculo, para poder facer as contas ben, ese é un problema maior e que lle aseguro que a vostede lle resolvería os problemas das emen-

CONCELLO DE PONTEVEDRA

das e a Pontevedra colocaríaa na vangarda da investigación, non me diga que algún tipo de mecanismo para distinguir se unha iluminación navideña ten boa intención ou a ten mala, porque ou lle poñemos a todo “Concello de Pontevedra” e debaixo “Deputación de Pontevedra” para saber de quen é, para saber se ten boa ou mala intención ou, senón, ¿como se descobre?, non me diga que non sería algo que podería poñerse nun contexto máis amplo, que é como un elemento se pode valorar, mire, agotados están os seus DVD e as súas fantasías, están radicalmente agotadas, vostede o que pretende é que este concello non faga nada e a única argumentación que ten é que está agotado, non, agotados están vostedes, é que hai que velos, xa se ven as iniciativas que presentan, todas foras de lugar, todas de Antoiña la fantástica, este goberno xestiona, ten empuxe, e tanto o que ten que xa se ve, todos os días, as iniciativas que se están facendo, o que está agotado é montarse nun DVD de realidade virtual ou facer propostas deste tipo absolutamente aparentes, e me di que falou co vicerector, e nós co rector, eu teño falado hai anos co rector e co vicerector sobre ese asunto, pero non estamos falando diso, non estamos falando diso, Sr. Martín, estamos falando de que vostedes non foron capaces, en dous anos e pico, de presentar ningunha proposta realista ou executable, ningunha, faga memoria, dígame unha, para as obras do AVE, facer non sei que, agora, non agardo que ma diga hoxe porque supoño que aquí hai un fallo de memoria, no último pleno vostede nos anunciou, con absoluta contundencia, que en todos os plenos ordinarios a partir de aquel ía pedir unha comparecencia do Alcalde, no primeiro que tivo xa non a pediu, xa se esqueceu, se lle falla memoria dese calibre supoño que non se acordará do que presentaron e das cousas que presentaron, no presentaron ningunha, todo son fantasías, e iso é un síntoma absoluto de falta de realismo, os que temos que modificar a realidade de maneira posible estamos gobernando, o facemos todos os días e con máis empuxe que nunca, como se veu nos orzamentos que trouxemos aquí e en todo o que se está a facer, moitas grazas.

Novamente toma a palabra o **Sr. Martín González**, dicindo: “Moitas grazas, Sr. Alcalde, pero Sr. Mosquera que vostede é un veterano nesta casa, ademais gobernando, como me pode dicir a min que fallamos hoxe ao non traer unha interpelación ao Alcalde cando nós isto podíámolo traer aquí como interpelación, eu, apelo ao tema que dicía a Sra. Casal, estamos nunhas datas sinaladas e tampouco creo que deba ser este agora o momento, pero isto que estamos a debater agora mesmo podíámolo traer como interpelación, ¿ou non, Sr. Mosquera?, polo tanto non xogamos, dáme a impresión de que vostede cre que os cidadáns son ignorantes, xa está ben; eu queríalle contestar aquí ao Sr. Cáceres, vostede é o que non me convence a min con argumentos, vostede non me da ningún argumento a min para non apoiar vostede esta proposta, dígame que non van cumprir aos prazos, que non son capaces, pois póñanme a min no seu equipo para este asunto, que non teño ningún inconveniente, claro, llo digo en serio, verá vostede como espabilan para adiante e

non teríamos que pedir prórrogas como acaban de pedir vostedes para a alameda de Pontevedra, non fagamos demagogia, isto non ten ningún problema, o único problema o teñen vostedes é a súa ideoloxía, os seus intereses partidistas, nada máis, non pensan no interese xeral das cidades, neste caso de Pontevedra, repito por última vez, nós trouxemos hoxe aquí unha proposta por varios motivos pero o fundamental é, aproveitando o plan do goberno de España de 8,7 millóns de euros, que 5 millóns se destinen a un parque científico e tecnolóxico, e non anden mareando, nin buscando outras cousas, non é o momento, se quere, Sr. Mosquera, falamos do que lle dixen ao principio que ven hoxe nos medios de comunicación referente a quen lle para a vostede as obras, porque o primeiro que ten que facer un gobernante é cumprir a lei primeiro que ninguén e cando no se cumpre a lei ocorre o que lle ocorre, por tanto non intente vostede tratar de enganar a ninguén, porque as veces hai xente que ten as súas ideas, a súa ideoloxía e pode pensar que está vostede en uso da razón e non é verdade, hoxe aquí trouxemos unha proposta e non falamos nin deron ningún argumento para rechazala, ningún, o único que dixo vostede, Sr. Cáceres, é que non hai tempo e entón perden os cartos, póño-me eu de responsable con vostede, vostede contróleme, vostede é o que goberna e eu estou na oposición, verá como somos capaces nun ano de investir os 5 millóns de euros nun centro científico e tecnolóxico, pero como quere que llo diga, eu creo que máis alto si pero máis claro non pode ser, polo tanto, para pechar este asunto, pensamos, eu e os meus compañeiros, que vostedes ían aplicar o sentido común pero vexo que vostedes, para gobernar, non teñen sentido común, moitas grazas.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 11 concelleiros (os 11 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular) e o voto en contra de 13 concelleiros (os 7 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 6 concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda rexeitar a proposición presentada polo grupo municipal do PP para a creación en Pontevedra dun centro científico e tecnolóxico.

6.- POSICIONAMENTO DO CONCELLO SOBRE O ANTEPROXECTO DA LEI DE AUGAS DE GALICIA.

O Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra a D^a María Teresa Pedrosa Silva, concelleira do grupo municipal do Partido Popular, quen manifesta: “Como todos ustedes saben a través de la FEGAMP hay constituido en Galicia un grupo de trabajo que está negociando la Ley de Aguas de Galicia, de hecho la segunda reunión fue hoy durante el transcurso de este Pleno, y donde están representados todos los concellos, las ciudades y las diputaciones que están llegando a un acuerdo, la constitución de la Comisión es por unanimidad y entendemos que no procede tratar este asunto cuando hay un grupo de trabajo creado por unanimidad de Galicia, presidido además por un socialista, que está en este momento

CONCELLO DE PONTEVEDRA

negociando esto, entonces pedimos que se retire hasta que las conclusiones de ese grupo de trabajo se conozcan, estemos o no de acuerdo con ellas, porque sino estar de acuerdo con que haya ese grupo de trabajo y a la vez pedir la retirada de la Ley me parece un poco incongruente.”

A continuación, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, intervén **don Raimundo González Carballo**, manifestando: “Moitas gracias, efectivamente están negociando representantes da administración local coa administración autonómica, evidentemente, para lle dar máis forza á administración local é bo que conten co noso apoio para que así negocien con máis solvencia, moitas gracias.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente para dicir: “Esta Alcaldía mantén o debate desta moción porque nos parece interesante, importante e educativa, incluso.”

INCIDENCIAS.- Auséntase da sesión D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

Rematado o debate sobre a petición de retirada, o Sr. Alcalde-Presidente a somete a votación e o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 11 concelleiros (os 11 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular) e o voto en contra de 12 concelleiros (os 6 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 6 concelleiros do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda rexeitar a devandita petición.

INCIDENCIAS.- Reincorpórase á sesión D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

Seguidamente, de orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable (por unanimidade) da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 15.12.2009, emitido sobre a proposición dos grupos municipais do BNG e PS de G-PSOE, relativa so posicionamento do Concello sobre o anteproxecto da Lei de augas de Galicia.

A continuación, fai uso da palabra **don Raimundo González Carballo** en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestando: “Moitas gracias, vou intentar ser o máis breve posible, digamos por unha cuestión de cortesía cedinlle o penúltimo punto da orde do día ao Sr. Telmo Martín na orde do día, íase tratar este antes que o seu e agora dispoñemos de pouco tempo, por iso en dous minutos remato; é de todos coñecido e, efectivamente, a FEGAMP tiveron reunións, a Xunta quedou de presentarlles unhas novas propostas porque non

había nin planes de explotación nin moito menos, na penúltima reunión, e quedou de entregarlle hoxe documentación sobre ese tema, sin embargo, si hai unha posición, en xeral, de todos os alcaldes, en xeral, de todas as corporacións locais que considera que, con independencia de todo, con independencia de que poida saír a lei de augas non esta, en concreto, non este anteproxecto en concreto, por iso do que estamos a falar é do anteproxecto; como vostedes saben significa unha suba moi forte absolutamente para todos os concellos, incluso para as persoas e para as comunidades que teñen traídas de auga e, digamos, a núcleos que estaban exentos antes, como os de menos de 2.000 habitantes agora se lle aplica, se baixan os mínimos, etc., ten pouco cambio ao respecto da lexislación actual, en canto a feitos impositivos, etc., e supón unha suba moi moi forte e que no caso de Pontevedra, polos cálculos que ten feita a concesionaria, pasaría de liquidar 965.000 euros de aplicar esta normativa pasarían a 3.540.000 euros, dos cálculos que se fixo por parte de concesionario, o que supón cuadruplicar o actual canon, creo que, con independencia de que os servizos teñen que cubrir en parte o custo e así o defendemos nós tamén, o que non se pode nunha situación de crise económica é cuadruplicar o importe dunha taxa, por tanto, o único que solicitamos, non falo máis porque ven na exposición de motivos da proposta e o texto resolutivo creo que é suficientemente claro, instar a retirada ao anteproxecto, o que non quere dicir que non se poida elaborar outro, e instar a que se fagan mecanismos de inspección e control que garantan o pago do canon anual polos seus usuarios industriais, ven suficientemente exposto na moción e instar a Xunta a comprometer os investimentos necesarios para colaborar cos concellos, así mesmo, deste acordo, aparte de á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas se dea traslado á FEGAMP; teñamos en conta que ata o ano 2004 o canon de saneamento estaba en 5 céntimos, agora, neste momento está en 20,9 céntimos, case 21, e co resultado final do outro sería case unha media de 84 céntimos por metro cúbico, o que é unha auténtica barbaridade, creo que todos estamos de acordo en que esta suba non pode ir para adiante e por tanto quero omitir calquera elemento de debate por parte dos grupos, moitas grazas.”

Seguidamente, en representación do grupo municipal do PSdG-PSOE, intervén **dona Celia Alonso Caramés**, dicindo: “Bos días e aproveito para felicitalle as festas a todos e todas, eu, na liña do meu compañeiro o Sr. González, creo que este anteproxecto de lei de augas teñen que retiralo porque é moi inxusto para os galegos e as galegas, é un anteproxecto que é totalmente recadatorio, teñen unha suba desproporcionada, como explicaba o compañeiro, pero é dobremente prexudicial e inxusto para Pontevedra, para os veciños e veciñas de Pontevedra, porque ao ter a xestión da depuradora, agora, a Xunta de Galicia, nos duplica o canon, se segue así, que esperemos que o retire, un exemplo, as veces, vale máis que andar dándolle voltas aos artigos e todo o demais, mire, na actualidade unha familia de tres membros que consume ao redor de 15m³ agora está a pagar 3,14 de

CONCELLO DE PONTEVEDRA

canon, se este anteproxecto segue adiante pasaría a pagar 80,52, ou sexa que a suba é cuantiosa, os números non os fago eu é o que mandaron no anteproxecto, entón, a porcentaxe de suba non é nin un 1 nin un 2, pasa a ser un 71,77 nunha familia de tres, entón, pensamos que isto é unha taxa desproporcionada e inxusta polo que cremos que este anteproxecto hai que retiralo e estudalo tendo en conta que nos tempos de crise nos que estamos non se pode prexudicar tanto as economías domésticas, que é onde máis inflúe este canon, nas economías domésticas e nos concellos, ademais hai outra cousa, este anteproxecto de lei obriga aos concellos ao cobrar este canon no recibo da auga, o que van a ver os veciños é que o Concello de Pontevedra, ou calquera outro concello, pasa un recibo cun elevado custe e pensan que é o prezo da auga e, realmente, é o canon que pon a Xunta da Galicia, por iso pedimos que se retire e se debata, moitas gracias.”

A continuación, en representación do grupo municipal do Partido Popular, toma a palabra **dona María Teresa Pedrosa Silva**, quen manifesta: “Muy buenos días a todos, yo me sumo también a la felicitación navideña y no solo eso sino que apelo, también, al espíritu feminista y, ya que hoy es el día de la patrona de la ciudad y que nunca le hacemos ningún Pleno, sólo se lo hacemos al patrón hombre, pues vamos a dedicarle este Pleno a la patrona de la ciudad que es hoy y que nadie menciona; yo, sinceramente, sobre el contenido de esta moción me quedé un poco corta en los argumentos porque esta es una ley pública de aguas que ustedes ponen una moción y el único argumento que ponen es que va a subir el canon del agua, o que creen que va a subir, en algunos casos sí es cierto que puede subir, en otros no, porque también hay una tarifa social, como ustedes bien saben, me da la impresión de que ninguno de los dos se leyó la ley, eso lo tengo claro, no se si se leerían la moción porque esta es la de Touriño 0 - Feijoo 8, ustedes en el empeño absoluto que tienen de hacer mociones contra la Xunta en todos los Plenos, hasta hacen una en contra de lo que piensan sus colegas que están negociando hoy, no piden la retirada de la ley, están negociando mejoras y a mi me parece bien todo lo que se pueda mejorar, mire, un anteproyecto es precisamente eso, un anteproyecto, no es una ley, se presenta y luego va a tener 6 meses de trámite para mejorarse, ojalá que se mejore y que sea lo más beneficioso para los pontevedreses, aquí estamos proponiendo, la Xunta de Galicia propone, la modificación de la ley de aguas por muchos motivos, no sólo por el del canon, en primer lugar porque hay una directiva marco europea del agua que es de obligado cumplimiento y que exige unas cosas que hay que cumplir sí o sí, que hay que cumplir porque son de obligado cumplimiento, entre ellas es el tema económico que exige la recuperación de los costes, lo exige la directiva marco europea que es de obligado cumplimiento en este apartado, entonces yo entendía que esta moción se iba a retirar en espera de que confiemos en que las personas que representando a los concellos y a las grandes ciudades y a las diputaciones, por cierto una enorme parte no gobernados por el Partido Popular, lleguen a buen fin y lleguen a un acuerdo porque imagínense

que nosotros aprobemos ahora la retirada y, durante el transcurso de la mañana de hoy hayan llegado a un acuerdo, igual que la constitución del grupo es unánime pueden haber llegado perfectamente a un acuerdo y pedir ustedes que retiren una cosa que ustedes mismos acordaron, pero además de eso va mucho más allá la ley de aguas, que invito a que la lean, porque ya he visto por la intervención de los dos que ninguno de los dos tuvo tiempo para leerla, contempla muchas otras cosas, en primer lugar propone la implantación de un nuevo modelo de gestión de las EDAR, propone dar cumplimiento a esa normativa marco en muchas cosas, tratando del buen estado ecológico de las aguas que es necesario cumplir en el 2015 y para eso se propone, en materia económica la recuperación de costes, que lo impone la Unión Europea y en el tema social la participación ciudadana que no existía y que, a partir de este momento, está garantizada no sólo en el consello que se crea al efecto sino a lo largo de toda la tramitación, pero como más importante propone fomentar el uso racional del agua, cosa que hasta ahora nadie propone, no hay ninguna norma en Galicia que proponga el uso racional del agua y, de hecho, si alguno tuvo la oportunidad de vivir en otra comunidad autónoma donde el agua es más escasa pues verán cómo utilizan el agua otros ciudadanos y cómo la utilizamos nosotros; esta ley garantiza el principio de sostenibilidad que está manifestado a lo largo de todo el articulado, en todo el anteproyecto, su exposición de motivos, en el artículo 16, en el artículo 3, en el artículo 65, se crea el consello para el uso sostenible del agua, se establecen un montón de condiciones para utilizarla y, claro, a mi me hace mucha gracia que a ustedes les encanta utilizar todo “sostenible”, la economía sostenible, el trabajo sostenible, pero cuando alguien les propone realmente hacer algo sostenible entonces no, solo es de boquilla, claro, es que hay muchas cosas que hay que hacer pero hay que ejecutar, estar ahí, modificar normas para poder conseguir la sostenibilidad en muchos apartados de la vida; la nueva ley propone también la gestión participativa que viene recogida en el artículo 3d), menciono alguno para facilitarles la lectura, en el 12.2 etc., recoge, como decía, el principio de recuperación de costes que es de obligado cumplimiento, establece el principio de no deterioro, en todo el capítulo 6 establece un régimen, que ustedes dicen que no en la moción, especial de protección de las calidades de las aguas de las rías gallegas, por si fuera poco, en el título 7 recoge las infracciones y sanciones para aquellos que no la cumplan, establece zonas de especial protección en el título 5, que obliga en su artículo 74c) a recoger en la planificación hidrográfica todos los temas relacionados con la protección y las áreas de protección, con el suministro, exige, esta ley suministrar agua en cantidad y el calidad a todo el mundo y contribuir también al buen estado ecológico de las aguas, establece el canon del agua, también, elimina el canon de saneamiento, con lo cual no establece un impuesto nuevo porque establece un impuesto nuevo pero retira otro existente con lo que hay algunos casos que salen a favor y otros casos que no salen tan a favor pero, además, hay que decir no sólo eso sino que los tengan gestionado la EDAR a través de la Xunta dejan de pagar también la tasa de depuración, con lo cual es

CONCELLO DE PONTEVEDRA

incierto por completo ese incremento que cree usted del no se cuanto por cien que dijo, porque las viviendas conectadas al sistema de depuración gestionado por la administración hidráulica de Galicia están afectadas hoy por el coeficiente pero dejarán de pagar la tasa de depuración, que cobran actualmente las entidades locales, entonces creo que hay mucho que decir en esta ley y a mi me parece muy bien, y a nuestro grupo, nos parece muy bien que este anteproyecto sea mejorado en la negociación porque una de las premisas básicas de esta normativa es la participación ciudadana y la participación también de todos los concellos en esta negociación y nosotros lo proponemos en ese sentido, ésta establece otro criterio fundamental que es que dos organismos de la Xunta se convierten en uno, porque ahora mismo gestionan el agua Aguas de Galicia y la administración de servicios hidráulicos, por cierto, Sr. Raimundo, a ver si son capaces de, ya que presentan una moción, escribirla bien, hay un organismo que está registrado en el registro de la propiedad intelectual que se llama Aguas de Galicia, no de Galiza, es que no existe este organismo, Aguas de Galiza no existe, cuando copien, porque esta es una moción rodillo de esas que le pasa Guillermo Vázquez, además está claro que quien trabajo aquí es el Bloque porque dicen de Galiza, si fuera del PSOE pondría Galicia, entonces, cuando la transcriban hagan el favor de corregir las faltas porque puede usted decir Galiza o como quiera pero a un organismo que está registrado no, porque es de otra forma, entonces, nosotros en ánimo a ser conciliadores, ya que estamos en navidad y no quisieron retirar la moción, les proponemos un enmienda transaccional, si les parece bien, para que todos podamos llegar a buen puerto en este sentido y entendemos que se puede mejorar en la negociación, proponemos que el Concello de Pontevedra inste a la Xunta de Galicia a que en la elaboración del anteproyecto de Ley de aguas de Galicia se promueva la participación pública y el diálogo con la representación de los concellos galegos, que el nuevo texto se oriente a garantizar el estricto cumplimiento de la directiva marco del agua y la inclusión de todos los preceptos incluidos en ella, el acceso al ciclo completo del agua a todos los ciudadanos de Galicia en igualdad de condiciones, una regulación e ordenación dos usos da auga na procura dun uso sostible do recurso, e unha xestión transparente e finalista dos tributos obtidos por este servizo, tanto no tocante aos usos domésticos como aos industriais, un tratamento diferenciado e máis xusto á hora de repercutir o consumo de auga incluíndo a implantación dunha tarifa social nesta materia e, por último, la puesta en marcha de un modelo de explotación de depuradoras de aguas residuales con criterios de solidaridad territorial y justicia tributaria que asegure o correcto funcionamento destas instalacións e, consecuentemente, unha mellora efectiva da calidade das augas, creo que isto o pode aprobar todo o mundo, a verdade é que non o presentei antes porque pensei que ían a retirar a moción pero se o queren o teñen a súa disposición porque nós entendemos que ten que seguir o seu trámite, moitas gracias.”

Novamente intervén a **Sra. Alonso Caramés**, indicando: “Di vostede que non lemos moi ben a lei, é unha marabilla o que vostede le porque o de participación cidadán e todo iso se están metendo agora as emendas porque habían case desaparecido, unha das cousas que si esperamos que se recolla é que onde máis está incidindo a suba do canon é nas economías domésticas e non así nas industriais, por iso é importante que nas grandes empresas consumidoras de auga que, se ve as cifras que pasaron espero que as cambien, non moven nada, e aí é onde hai que aplicalo para non gravar tanto as economías domésticas e se, como vostede di, que agora están reunidos e se vai modificar e todo vai ser para o ben dos galegos e das galegas, dende logo, estamos de acordo e os representantes que temos na FE-GAMP seguro que así o van facer, pero o que dicimos é que neste momento onde máis inciden é nas economías domésticas e nos concellos e non así nas grandes industrias, que é onde, as veces, hai que controlar os consumos porque tampouco controlan nin vixían os ríos, solo están enfocados nas rías, por iso que hai moito que facer aínda nesta lei, moitas gracias.”

Seguidamente, volve a intervir o **Sr. González Carballo**, para dicir: “Solo unha cousa, a Sra. Pedrosa se dedica a defender a lei, se aquí non necesitamos ninguén que veña a defender a lei, xa está escrita aí, perdón, o anteproxecto de lei, aquí vostedes o único que tratan de xustificar é que están de acordo con esa suba brutal para os cidadáns, ríase Sr. Telmo Martín, porque vostede di aquí: “Telmo Martín propón un graven por piso aos promotores para custear a rede de saneamento, 16 euros por metro cuadrado”, o único que propuxo un incremento impositivo aquí foi vostede, é aquí exactamente igual, unha cousa é esa palabrería que teñen pero despois, na práctica, o que fan é cuadruplicar o importe das taxas, iso é o que fan, teñan valentía, defendan aos cidadáns de Pontevedra, defendan aos comerciantes de Pontevedra, porque é unha mera escusa a adaptación á directiva europea, por unha razón obvia, o feito impoñible é exactamente igual e o único que cambian das demais cousas, agás do canon, son cuestións de matiz, entón non me veña vostede con esas, o están defendendo, están de acordo, pois alá vostedes, pero non le admite ningún cambio porque aquí a cuestión é obvia, non queremos que teña suba, poña iso, non queremos que teña absolutamente ningunha suba, e non se dedique a protexer á Xunta de Galicia fronte aos cidadáns de pontevedra, iso é o que están defendendo e iso é o que fai o Sr. Telmo Martín, entón alá vostedes, non teño máis que engadir.”

De seguido, fai uso da palabra a **Sra. Pedrosa Silva**, para engadir: “Yo insisto en que le dijeron eso, demagógicamente, porque ustedes cada vez que saca una ley la Xunta buscan algo, pero si quiere le voy a leer un resumen para que vea que están bastante equivocados en su apreciación, mire, la estructura tarifaria para usos domésticos establece cuatro treitos de consumo, además se lo voy a leer en galego para que lo entienda mejor, mire, cuatro treitos de consumo que dependen

CONCELLO DE PONTEVEDRA

do número de residentes na vivenda no que se implanta un treito social, inexistente ata agora, de consumo de auga cunha cuota fixa de 0,5 euros a un mínimo de 6 metros cúbicos ao mes exento de tarifa variable, por lo tanto no es cierto que en todos los casos se vaya a producir un incremento de la cuota, vamos a poner un ejemplo, una familia que no supere el primer umbral pasará a pagar, únicamente, 50 céntimos al mes, por lo tanto menos que con el actual canon de saneamiento, dos, una vivienda de una sola persona con un consumo de 6 metros cúbicos/mes no es cierto que se incremente un no se cuantos mil por cien que comentó Celia, sino más bien la contrario, este tipo de usuarios se ve beneficiado en la comparación con el anterior, de hecho el importe a pagar desciende en un 20% y un 60% en el caso de que no se le aplique el coeficiente advertido, para los consumos de 5m³/mes por persona en una vivienda de 3 o 4 personas cuya depuradora no esté gestionada por la administración hidráulica de Galicia se pasará a pagar cerca de una euro más al mes, ahí sube, cuando una vivienda de 3 o 4 personas esté conectada a un sistema de depuración gestionado por la administración hidráulica de Galicia la familiar pasará unos 5 a 6 euros más al mes, no 80 como usted decía, 5 euros al mes, como consecuencia de la aplicación del coeficiente de vertido, pero dejará de pagar la tasa de depuración que está gestionando en este momento el concello, con lo cual ningún argumento de los que contó tiene certeza; si queremos hablar del tema industrial es cierto que para los usos comerciales también se incrementa más que para los usos domésticos y están también en contra, piden que se incremente más en las empresas y ya se incrementa más en las empresas, en comparación con los usuarios de industrias lo que dicen es absolutamente interesado porque los grandes usuarios no pagan el canon de saneamiento por volumen, por ejemplo ENCE, sino por carga contaminante, como bien saben, además, a partir de ahora pagarán más todavía porque en el futuro canon del agua, no se si lo leyó, establece que pagarán por nitrógeno y fósforo, cosa que ahora no pagan, con lo cual pagan más y si encima vierten en una zona sensible se incrementa todavía más, o sea que este tema por el que protestamos todos los ciudadanos porque pagan menos quizás, quizás, en comparación con algunas empresas, aquí se corrige, o sea que no tiene ninguna razón en sus argumentos, de todas formas nosotros entendemos que el que legisla debe legislar, que esta ley se puede mejorar en algunas cosas y se puede recibir la aportación porque el anteproyecto esta colgado en la página web de la Xunta desde octubre para que pueda opinar toda la ciudadanía, pero pedimos que se negocie más con los concellos y para eso está ese órgano, que respetamos, haciéndolo, no tengo nada más que decir, nosotros no vamos en contra de todo lo que hace un gobierno nuevo ni de todo lo que propone, como ustedes, ya sabemos que tienen ansias y que están desesperados por haber perdido la Xunta y que su única obsesión no es Pontevedra, desde luego, es intentar hacerle oposición a Feijoo, parece que Guillermo y Pachi Vázquez están desinflados, prometieron tanto y cumplieron tan poco que tienen hasta poca credibilidad para hacer oposición y se la piden a ustedes, pero mire, no, nosotros no vamos a sumarnos a su juego,

muchas gracias.

Novamente toma a palabra o **Sr. González Carballo** para concluir: “Solo unha cuestión, Guillermo Vázquez non estaba no goberno da Xunta, o digo por eses deslices que lle entran, a tarifa social do 50% para as familiar numerosas xa existe na actual lei e se lles está aplicando, en todo caso, eu agardo que lles explique vostede aos cidadáns o N, o PH e etc., cando lles suban, xa llo virá vostede a explicar, moitas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 7 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 6 do grupo municipal do PS de G-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión permanente de Economía e Facenda, acorda:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a retirar o Anteproxecto de Lei de Augas por ter como única finalidade unha suba desproporcionada e inxusta da tributación indirecta que soportan os galegos e galegas e nomeadamente os veciños e veciñas de Pontevedra.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galiza a establecer mecanismos de inspección e control que garantan o pago do actual canon en vigor polos usuarios industriais altamente consumidores de auga.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a comprometer os investimentos necesarios e colaborar co Concello de Pontevedra para garantir o acceso de toda a poboación do concello ao ciclo integral da auga: abastecemento, saneamento e depuración.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e á FEGAMP.

C) MOCIÓNS URXENTES.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL.

7.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o mes de novembro de 2009, así como das resolucións ditadas polos Directores Xerais durante o mes de outubro de 2009.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

8.- PREGUNTAS.

Non se formularon preguntas.

9.- ROGOS.

ROGO DO CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ, INSTANDO A MODIFICACIÓN DA HORA DE CELEBRACIÓN DOS PLENOS ORDINARIOS.

Manifesta: “Xa o dixemos o outro día na comisión, co Sr. González, e hoxe o queremos dicir aquí dunha forma máis formal, si cabe, rogarlle a vostede e pedirlle que creo que sería bo que a partir de agora os plenos se puxeran as 10:30 porque hoxe, por exemplo, sendo un pleno largo, son as 13:50, máis ou menos, creo que é unha hora prudente e facilitamos o traballo a todo o mundo, creo que, incluso, aos funcionarios do concello, aos propios medios de comunicación e as persoas, poñer os plenos as 12, largos, e o ano 2010 vai ser un ano de moitísimo traballo, como vostede ben sabe e polo tanto quero facerlle ese rogo, nada máis, moitas gracias.”

Seguidamente toma a palabra o **Sr. Alcalde-Presidente**, indicando: “En todo caso iso verémolo nunha Xunta de Portavoces, Sr. Martín, e como non hai máis asuntos levántase a sesión non sen antes desexarlle a toda a corporación, que veremos agora, supoño, no viño dos funcionarios, e a toda a prensa e oa público asistente, bo nadal, feliz navidad, boas festas tamén e feliz ano novo.”

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e prace.
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.